

Citación recomendada / Recommended citation:

Cerradelo Gómez, Silverio / Rafael López Loureiro / Suso Requejo Camiña / Rafael Estévez Rodríguez / José Álvarez Gándara / Xosé Bergantiños Rodríguez / Cosme Damián Romay Cousido (2019²): *Os nomes galegos das bolboretas*. Xinzo de Limia (Ourense): A Chave.

http://www.achave.gal/wp-content/uploads/achave_osnomesgalegosdas_bolboretas_2019.pdf

Fotografía: feiticeira común (*Vanessa atalanta*). Autor: Piero Perrone.

Esta obra está suxeita a unha licenza Creative Commons de uso aberto, con recoñecemento da autoría e sen obra derivada nin usos comerciais.

Resumo da licenza: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>.

Notas introductorias

O que contén este documento

Neste recurso léxico fornécense **denominacións galegas para as especies de bolboretas**. Inclúense principalmente nomes para especies de **lepidópteros diurnos** (ou ropalóceros, que son propiamente as **bolboretas**), mais tamén para especies de **lepidópteros nocturnos** (ou heteróceros, que son as **avelaíñas e as trazas**).

Achéganse nomes para as **especies galegas (e) ou europeas** e tamén para algunhas **especies exóticas** coñecidas xeralmente no ámbito divulgativo, por causa da súa vistosidade ou do seu tamaño, pola súa proximidade (norte de África) ou por seren moi comúns noutras áreas xeográficas.

Na primeira edición deste léxico (2015) proporcionáronse **denominacións galegas para máis de 500 especies de bolboretas de todo o planeta**.

Nesta segunda edición (2019), corríxese algunha gralla, reescíbense as notas introductorias e modifícase notabelmente a maquetación: incorpórase **o logo da Chave** ao deseño do documento e componse doutra maneira a **presentación das especies**, destacándose con fondo azul claro as **especies galegas (e) ou europeas**. Ademais, engádense tres especies presentes na Galiza que non se incluíran na edición de 2015: a **procesionaria do piñeiro** (*Thaumetopoea pityocampa*), a **pirálida do buxo** (*Cydalima perspectalis*) e a **traza da pataca** (*Tecia solanivora*).

De consulta máis doada e contido máis completo que a edición anterior, este documento deixa á súa disposición **denominacións galegas para un total de 522 especies**:

- 374 bolboretas galegas (e) ou europeas,
- 80 bolboretas exóticas das máis coñecidas,
- 55 avelaíñas e trazas galegas (e) ou europeas
- e 13 avelaíñas e trazas exóticas das máis coñecidas.

A estrutura

En primeiro lugar preséntase unha **clasificación taxonómica** que considera as superfamilias, familias e subfamilias de bolboretas, onde se apunta, **de maneira xeral, os nomes galegos das bolboretas** que hai en cada subfamilia.

A seguir vén **o corpo do documento**, unha listaxe onde se indica, **especie por especie, xunto ao nome científico, os nomes galegos e ingleses de cada bolboreta**. Nesta listaxe específica, destácanse con fondo azul claro **as especies galegas (e) ou europeas**. Para cada especie, **inclúense breves anotacións sobre a orixe ou a motivación semántica de cada un dos nomes**.

Ao final anótanse as **referencias bibliográficas** que foron utilizadas para a elaboración deste documento. Nalgunhas desas referencias recóllense ou propóñense nomes galegos para bolboretas, quer xenéricos quer específicos. Outras referencias achegan nomes para as bolboretas noutras linguas, que tamén foron tidos en conta. Alén diso, inclúense algunhas referencias básicas a respecto da metodoloxía e dos criterios terminolóxicos empregados.

Tratamento terminolóxico

Son relativamente **poucos os nomes existentes en galego para as bolboretas, avelaiñas e trazas**. Xa só os lepidópteros diurnos europeos suman máis de 400 especies, e as denominacións vernáculas galegas, na tradición lexicográfica, xuntado as especies diurnas e nocturnas, suman pouco máis dunha vintena de nomes, moitos deles xenéricos.

Non obstante, as condicións de saída e as dificultades para a elaboración deste documento de seguro foron as mesmas que tiveron todas **as linguas europeas que hoxe dispoñen de nomes para as especies de bolboretas**.

De maneira xeral, procurouse nos seguintes **recursos**:

En primeiro lugar, recorreuse **aos nomes vernáculos galegos**. Para alén das denominacións máis xenéricas (**bolboretas, avelaiñas e trazas**) temos en galego outras denominacións tamén bastante xenéricas, como **paxaras, paxarelas, pombiñas, cucos, maricelas** etc., referidas ás especies diurnas, ou **voallas, xilves, avelonas, andolas** etc., que atopamos con exclusiva ou maior referencia para as especies nocturnas. Nalgúns casos existe máis concreción sobre as especies ás que se refiren os nomes galegos, como no caso de **galo**, para *Papilio machaon* e *Iphiclides podalirius*, por presentaren unha coloración amarelada con



manchas azuis e ocreas, que lembran a plumaxe dun galo, alén de prolongacións nas ás posteriores, que inspiran aínda máis o nome de **galo** pola semellanza co rabo desta ave; ou o caso de **anxiño** e **anxo**, para especies de cor branca, como as coñecidas e abundantes bolboretas de xéneros como *Leptidea* ou *Pieris*; ou **chinguro**, descrito como bolboreta azul e negra de hábitat acuático, características que se corresponden moi ben con *Limenitis reducta*, especie galega abondo vistosa e popular para ter nome de seu; ou **irisoido**, ben propio de *Apatura iris* ou tamén doutras especies do xénero *Apatura*; ou o caso de **pampurriña**, nome definido como bolboreta e xoaniña, características as dúas que se poden asignar ás especies do xénero *Zygaena*, o suficientemente chamativas e populares para teren nome de seu etc. Moito menos frecuente é atoparmos no acervo vernáculo galego denominacións claramente específicas, como **avelaiña da morte** para *Acherontia atropos*, ou **carroceiro** e **arrieiro** para *Thaumetopoea pityocampa*, máis coñecida hoxe en día como **procesionaria do piñeiro**.

Procurouse así mesmo na **lusofonía**, seguíndomos o criterio recollido nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (RAG e ILG) do ano 2004: "Para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego".

Deste xeito incorporáronse ou adaptáronse algunhas denominacións, como **azuliña** para especies de cor azulada e tamaño pequeno, como as da subfamilia **Polyommatae**; **cincentiña** para especies de cor cincenta e tamaño pequeno, como as do xénero *Azanus*; **feiticeira** para *Vanessa atalanta*, **carnaval** para a parnasínea *Zerynthia (Zerynthia) rumina*, **avelaiña casqueiriña** para *Menophra abruptaria*, **curuxón** para as especies do xénero *Caligo* etc.

Outro recurso foi recorrer ao **nomes científicos, en latín**, de modo paralelo ás denominacións desas bolboretas noutras linguas (por vía de regra, non existen para estas especies nomes vernáculos en lingua ningunha). Así, denominacións específicas como **anxiño de Duponchel** para *Leptidea duponcheli*, **fauno de Creta** para *Hipparchia (Parahipparchia) cretica*, **limoeira fariñenta** para *Gonepteryx farinosa*, **avelaiña de puntos brancos** para *Cyclophora (Cyclophora) albipunctata*, **avelaiña biangulada** para *Euphyia biangulata* etc.

Para bolboretas relativamente coñecidas, cando menos nos medios de divulgación, aplicáronse os mesmos **nomes que, coincidentes, teñen en diversos idiomas**, nalgúns casos derivados do nome científico e moitos deles usados xa no ámbito divulgativo galego. Denominacións como **cleopatra** ou **bolboreta cleopatra** para *Gonepteryx cleopatra*, **macaón** ou **bolboreta macaón** para *Papilio machaon*, **apolo** ou **bolboreta apolo** para *Parnassius apollo*, **anxo da couve** ou **bolboreta da couve** para *Pieris brassicae* (*brassicae*: referido á *Brassica oleracea*, o nome científico latino da couve, planta nutricia principal desta bolboreta), **esfinxe** para as especies da familia *Sphingidae*, **morfo** para as especies da xénero *Morpha*, **xezebel** para as especies do xénero *Delias*, **aurora** para as do xénero *Anthocharis*, **traza da pataca** e **couza da pataca** para *Tecia solanivora* etc., que noutros idiomas teñen estes mesmos nomes ou modificadores.



A partir da información obtida dos anteditos recursos, para nomear especificamente moitas das bolboretas que se presentan neste documento, tivéronse en conta os seguintes **criterios xerais**:

1. Que o nome sexa transparente, isto é, ben definidor desa especie e que non se poida confundir co nome doutra.

2. Na medida do posíbel, que haxa correspondencia entre os nomes galegos xenéricos e os xéneros científicos latinos. Así, con frecuencia, especies coa mesma denominación xenérica galega pertencen á mesma familia, o que achega máis lóxica e validez ao sistema de nomenclatura.

3. Que os trazos definitorios específicos, que se empregan como modificadores do nome xenérico, pertencen a un reducido grupo de referentes, nomeadamente:

.-distribución xeográfica,

.-hábitat ou plantas nutricias,

.-características morfolóxicas,

.-personaxes mitolóxicos ou históricos aos que con frecuencia fan referencia os nomes científicos latinos das bolboretas

.-ou persoa que describiu esa especie.

Ademais, procurouse que nunha mesma subfamilia houbese máis dunha alusión a un mesmo grupo de trazos de referencia, de maneira que o sistema estea máis cohesionado e o conxunto sexa mellor de lembrar. Por exemplo: **carnaval ibérico, carnaval do leste, carnaval do Cáucaso, carnaval turco...** –o mesmo trazo de referencia: a súa área de distribución– na subfamilia dos **parnasíneos**; ou **viuviña do abruñeiro, viuviña da aciñeira, viuviña do escambrón, viuviña dos ulmeiros** –o mesmo trazo: a planta nutricia principal– na subfamilia dos **teclíneos** etc.

Normalmente preséntase un único nome para cada bolboreta, aínda que para algunha especie pode haber máis dun. Nestes casos, recoméndase o primeiro nome como preferente. O seguinte nome –ou seguintes, ás veces– aparece marcado coa abreviatura **sin.**, que indica que é un **sinónimo** do primeiro, que sería o principal.

Para cada unha das especies, debaixo do/s seu/s nome/s galego/s, dáse unha información máis polo miúdo sobre **a orixe e a motivación semántica concreta dese/s nome/s**.

Maiúsculas e minúsculas

A respecto do uso de maiúsculas ou minúsculas: cando os nomes das bolboretas son os de personaxes históricos ou mitolóxicos, cómpre lembrarmos que estes nomes só son **propios –e escribíense con maiúscula–** cando aluden a un referente único, diferenciado doutros da mesma especie; e son nomes **comúns –e escribíense con minúscula–** no caso dos nomes das bolboretas, porque aluden a todas as bolboretas da mesma especie, non a unha en concreto (así acontece, por exemplo, no caso de **macaón, ícaro, cleopatra** ou **aretusa**, ou nos sinónimos **bolboreta macaón** ou **bolboreta cleopatra**).

Para comprobalo, con estes nomes de bolboretas podemos usar con facilidade artigos indefinidos (**unha macaón, unha cleopatra**), pronomes demostrativos (**estas macaóns, aquelas cleopatras**), identificadores (**calquera ícaro**), cuantificadores (**algunhas aretusas, varios ícaros**) ou numerais (**cinco ícaros, oito macaóns**), usos que non permiten con facilidade os nomes propios.

Porén, se o nome da bolboreta inclúe a preposición **de** seguida dun nome propio (**paxarúa de Priam, tomiñeira de Batón, tomiñeira de Bavius** etc.), ese nome si continúa aludindo directamente a ese personaxe ou persoa, a ese referente único, e continúa sendo propio e escribíndose sempre con maiúscula. Así, por exemplo: **unha paxarúa de Priam, varias montesas de Graslin, catro tomiñeiras de Bavius** etc.

Agradecemento

O equipo da Chave quere expresar o seu **agradecemento** a **todas as persoas** que a través da sección **contacte** do sitio web envían **comentarios, suxestións, puntualizacións...** a respecto dos contidos dos recursos léxicos sobre a fauna e a flora. Todas as opinións son lidas con atención e interese. Aínda que non todas son tidas en conta, algunhas serven para puír ou enriquecer o xa publicado, e nalgún caso mesmo nos levaron a unha nova edición do documento. Moitas grazas, e animamos a todos os usuarios/as a continuar con esta retroalimentación positiva e construtiva.

Así mesmo e de maneira particular, queremos agradecer a **colaboración do Piero Perrone**, que achegou a **fotografía da feiticeira común** (*Vanessa atalanta*) para a ilustración d' *Os nomes galegos das bolboretas*.

Á procura do nome galego dunha bolboreta neste documento

Para consultarmos axiña o nome galego dunha bolboreta na que estamos interesados:

Se sabemos o seu nome científico, unha boa opción é ter o recurso léxico descargado en **formato PDF e introducir no buscador do PDF o nome latino do xénero** desa bolboreta, que é o primeiro dos que forman o seu nome científico. Ao clicarmos no xénero latino introducido no buscador, vainos aparecer onde é que está ese xénero no documento, destacándoo con algún tipo de sombreado. Se estamos na listaxe específica, o nome do xénero verémolo na esquerda da fila, e ao lado, no centro da fila, veremos o seu nome en galego, con letra máis grande e azul.

Pode ser que atopemos varias bolboretas co mesmo xénero latino: daquela hai que saber **o nome latino completo, o xénero e mais a especie**, para achar o nome galego da que nos interesa.

Outra opción é se coñecemos **o nome inglés desa bolboreta**: podemos escribilo no **buscador do PDF** e vannos ir aparecendo os nomes das bolboretas que teñan ese nome en inglés (á beira, no centro da fila, con letra máis grande e azul, habemos atopar o seu nome en galego).

Por moitos e diversos motivos, non se inclúen os **nomes en castelán das bolboretas**. Para sabermos cal é a correspondencia entre o nome castelán dunha bolboreta e o nome galego, necesitamos coñecer **o seu nome científico**. Así, por exemplo, a bolboreta que en castelán se chama *tornasolada* ten o nome científico *Apatura iris*; se escribimos *Apatura iris* no **buscador do PDF** aparécenos o lugar do documento onde se encontra ese nome científico, e á beira, no centro da fila, atopamos o seu nome en galego: **irisoido grande**.

Co **buscador do PDF** tamén podemos procurar o nome dunha **familia** ou dunha **subfamilia**. Así, por exemplo, se escribimos **Zygaenidae** (ou se escribimos **Zixenídeos**), aparécenos o lugar do documento onde se encontra o nome desta familia: na **listaxe da clasificación taxonómica** (no inicio do documento) ou na **listaxe das especies** (no corpo propiamente do documento). Clicando outra vez no buscador, imos dun lugar para o outro.

Orde: Lepidópteros (Lepidoptera)

Ropalóceros (bolboretas)

Superfamilia: **Papilionoídeos** (Papilionoidea)

Familia: **Papilionídeos** (Papilionidae)

Subfamilia: **Papilioníneos** (Papilioninae) : galos, macaón, papaventos, paxarúas, gaios

Subfamilia: **Parnasíneos** (Parnassiinae) : carnavais, apolos

Familia: **Pierídeos** (Pieridae)

Subfamilia: **Dismorfíneos** (Dismorphiinae) : anxiños

Subfamilia: **Pieríneos** (Pierinae) : anxos, auroras, esverdeadas, marmóreas, noivas, alcaparreira, estripeira, xezebeis

Subfamilia: **Coliadíneos** (Coliadinae) : cleopatra, limoeiras, xofradas

Familia: **Licanídeos** (Lycaenidae)

Subfamilia: **Afnaíneos** (Aphnaeinae) : leopardas

Subfamilia: **Teclíneos** (Theclinae) : abruñeira, carballiña, freixeira, viuviñas, verdiñas

Subfamilia: **Licaníneos** (Lycaeninae) : acobreadas

Subfamilia: **Poliomatíneos** (Polyommatainae) : rabeiras, rabeiriñas, rabelas, cuquiñas, cucas, cincintiñas, formigueiras, puia dos xeranos, celeste, cobáltica, nazarena, tomiñeiras, azuliñas, miudiña, zafirina, arandeira, griseiras, mouriñas, agulleiras, prateada, eros, ícaro, turquesas, meniñas

Familia: **Riodinídeos** (Riodinidae)

Subfamilia: **Nemeobíneos** (Nemeobiinae) : cancareira

Familia: **Ninfalídeos** (Nymphalidae)

Subfamilia: **Libiteíneos** (Libytheinae) : bicuda

Subfamilia: **Caraxíneos** (Charaxinae) : erbedeira

Subfamilia: **Danaíneos** (Danainae) : monarcas, tigradas, cebradas

Subfamilia: **Satiríneos (Satyrinae)** : pedresas, faunos, damamoura, mouras, eneisas, sátiros, dríade, aretusa, montesas, bailadoras, pardiñas, pencada, maricelas, silveiras, apincharadas, estremeiras, ceboliza

Subfamilia: **Apaturíneos (Apaturinae)** : irisoidos

Subfamilia: **Limenitidíneos (Limenitidinae)** : chinguros, pairadores

Subfamilia: **Ninfalíneos (Nymphalinae)** : estrugueiras, paxara, paxarelas, ninfas, antíopa, víúvas, arañeiras, feiticeiras, esnacadas

Subfamilia: **Arxiníneos (Argynninae)** : espelliños, pandora, elisa, señoras, adipe, níobe, doncelas, hécate, dafne, ino

Subfamilia: **Melitaíneos (Melitaeinae)** : atalia, señoriñas

Subfamilia: **Morfíneos (Morphinae)** : morfos, curuxóns

Superfamilia: **Hesperioídeos (Hesperioidea)**

Familia: **Hesperídeos (Hesperiidae)**

Subfamilia: **Pirxíneos (Pyrginae)** : pombiñas, dentadas, saltareiras

Subfamilia: **Heteropteríneos (Heteropterinae)** : brinquiño, cabezudos

Subfamilia: **Hesperíneos (Hesperiinae)** : setas, douradas

Heteróceros (avelaiñas e trazas)

Superfamilia: **Tineoídeos** (Tineoidea)

Familia: **Tineídeos** (Tineidae)

Subfamilia: **Tineíneos** (Tineinae) : trazas

Superfamilia: **Xelequioídeos** (Gelechioidea)

Familia: **Xelequídeos** (Gelechiidae)

Subfamilia: **Pexicopíneos** (Pexicopiinae) : trazas

Subfamilia: **Xeliquíneos** (Gelichiinae) : trazas

Superfamilia: **Piraloídeos** (Pyraloidea)

Familia: **Crambídeos** (Crambidae)

Subfamilia: **Espilomelíneos** (Spilomelinae) : pirálicas

Familia: **Piralídeos** (Pyralidae)

Subfamilia: **Piralíneos** (Pyralinae) : trazas

Subfamilia: **Ficitíneos** (Phycitinae) : trazas

Subfamilia: **Galeríneos** (Galleriinae) : trazas

Superfamilia: **Noctuoídeos** (Noctuoidea)

Familia: **Erebídeos** (Erebidae)

Subfamilia: **Arctíneos** (Arctiinae) : voallas

Subfamilia: **Erebíneos** (Erebinae) : bruxas

Familia: **Noctuídeos** (Noctuidae)

Subfamilia: **Rivulíneos** (Rivulinae) : xilves

Subfamilia: **Catocalíneos** (Catocalinae) : avelonas

Familia: **Notodontídeos** (Notodontidae)

Subfamilia: **Taumatopoeíneos** (Thaumatopoeinae) : **procesionarias**

Superfamilia: **Xeometródeos** (Geometroidea)

Familia: **Xeometrídeos** (Geometridae)

Subfamilia: **Enomíneos** (Ennominae) : **avelaiñas**

Subfamilia: **Larentíneos** (Larentiinae) : **avelaiñas**

Subfamilia: **Esteríneos** (Sterrhinae) : **avelaiñas**

Superfamilia: **Bombicoídeos** (Bombycoidea)

Familia: **Saturnídeos** (Saturniidae)

Subfamilia: **Saturníneos** (Saturniinae) : **graellsia, andolas, pavóns da noite**

Subfamilia: **Ceratocampíneos** (Ceratocampinae) : **andoliñas**

Familia: **Esfinxídeos** (Sphingidae)

Subfamilia: **Esfinxíneos** (Sphinginae) : **esfinxes**

Subfamilia: **Esmerintíneos** (Smerinthinae) : **esfinxes**

Subfamilia: **Macroglosíneos** (Macroglossinae) : **esfinxes**

Superfamilia: **Zixenoídeos** (Zygaenoidea)

Familia: **Zixenídeos** (Zygaenidae)

Subfamilia: **Zixeníneos** (Zygaeninae) : **pampurriñas**

Orde: Lepidópteros (Lepidoptera)

Ropalóceros (bolboretas)

especie galega (e) ou europea

especie exótica

Superfamilia: **Papilionóideos (Papilionoidea)** (Latreille, 1802)

Familia: **Papilionóideos (Papilionidae)** (Latreille, 1802)

Subfamilia: **Papilioníneos (Papilioninae)** : galos, macaón, papaventos, paxarúas, gaios

<i>Iphiclides podalirius</i> (Linnaeus, 1758)	galo cebrado galo : nome vernáculo galego para as especies <i>Iphiclides podalirius</i> ou <i>Papilio machaon</i> , por presentaren unha coloración amarelada con manchas azuis e ocreas, que lembran a plumaxe dun galo, alén das prolongacións das ás posteriores, que tamén inspiran o nome galo para estas bolboretas por semellar un rabo. Por coherencia e cohesión, emprégase galo para formar os nomes das especies dos xéneros <i>Iphiclides</i> ou <i>Papilio</i> que teñen a mesma coloración que <i>Iphiclides podalirius</i> ou <i>Papilio machaon</i> . cebrado : polas raias lonxitudinais, que poden lembrar as raias dunha ceбра. Considéranse dúas subespecies de <i>Iphiclides podalirius</i> : <i>Iphiclides podalirius feisthamelli</i> e <i>Iphiclides podalirius podalirius</i> . Para facermos referencia a algunha destas subespecies de maneira concreta, podemos empregar galo cebrado ibérico e galo cebrado euroasiático , respectivamente.	scarce swallowtail
<i>Papilio alexanor</i> (Esper, 1800)	galo do Cazaquistán galo : por ter o mesmo padrón de coloración e prolongacións caudais que teñen <i>Papilio machaon</i> e <i>Iphiclides podalirius</i> . do Cazaquistán : pola súa área de distribución.	southern swallowtail the Alexanor
<i>Papilio hospiton</i> (Guenée, 1839)	galo corso corso : por causa da súa área de distribución.	Corsican swallowtail
<i>Papilio saharae</i> (Oberthür, 1879)	galo do Sahara var. galo do Sáhara do Sáhara : pola súa área de distribución.	Sahara swallowtail

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<p><i>Papilio machaon</i> (Linnaeus, 1758)</p>	<p>macaón sin.: bolboreta macaón sin.: galo do fiúncho</p> <p>macaón: como primeira denominación recomendada para designarmos esta bolboreta, tirada do nome científico (<i>machaon</i>). É xa unha denominación galega empregada para esta especie na lepidopteroloxía especializada e no ámbito divulgativo. Fai referencia a Macaón, médico grego na guerra de Troia, irmán de Podalirio. O nome macaón escríbese con minúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Papilio machaon</i>, aínda que, na súa orixe, macaón estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).</p> <p>bolboreta macaón: sinónimo da denominación anterior. É xa unha denominación galega empregada no ámbito divulgativo. A existencia desta denominación permítenos empregar en galego macaón con calquera dos dous xéneros gramaticais: xénero gramatical masculino (un macaón), sobreentendendo que facemos referencia ao personaxe da mitoloxía grega; e xénero gramatical feminino (unha macaón), sobreentendendo a palabra bolboreta (unha bolboreta macaón) na denominación.</p> <p>galo: nome vernáculo galego para as especies <i>Papilio machaon</i> ou <i>Iphiclides podalirius</i>, porque presentan unha coloración amarelada con manchas azuis e ocre, que lembran a plumaxe dun galo, alén de prolongacións nas ás posteriores, que tamén inspiran o nome galo pola semellanza cun rabo. Por coherencia e cohesión, emprégase galo para formar os nomes das especies dos xéneros <i>Papilio</i> ou <i>Iphiclides</i> que teñen a mesma coloración que <i>Papilio machaon</i> ou <i>Iphiclides podalirius</i>.</p> <p>do fiúncho: por ser o fiúncho (<i>Foeniculum vulgare</i>) unha planta nutricia ben característica de <i>Papilio machaon</i>.</p>	<p>swallowtail Old World swallowtail common yellow swallowtail</p>
<p><i>Papilio cresphontes</i> (Cramer, 1777)</p>	<p>papaventos xigante</p> <p>papaventos: pola envergadura e largura das súas ás, que lembran a forma dun papaventos. A diferenza doutras especies europeas do xénero <i>Papilio</i>, non se emprega galo por non teren o mesmo padrón de coloración de <i>Papilio machaon</i> ou <i>Iphiclides podalirius</i>. Por coherencia e cohesión, utilízase papaventos para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Papilio</i> con grande envergadura e largura de ás que non teñen o padrón de coloración de <i>Papilio machaon</i> ou <i>Iphiclides podalirius</i> (que son os galos).</p> <p>xigante: polo seu tamaño.</p>	<p>giant swallowtail</p>
<p><i>Papilio demolion</i> (Cramer, 1776)</p>	<p>papaventos asiático</p> <p>asiático: pola súa área de distribución.</p>	<p>banded swallowtail</p>
<p><i>Papilio lorquianus</i> (Felder & Felder, 1865)</p>	<p>papaventos de Lorquin</p> <p>de Lorquin: na honra do entomólogo francés Pierre Joseph Michel Lorquin, como tamén se indica no nome científico (<i>lorquianus</i>).</p>	<p>sea green swallowtail</p>

<p><i>Ornithoptera alexandrae</i> (Rothschild, 1907)</p>	<p>paxarúa de Alexandra</p> <p>paxarúa: nome vernáculo galego para as bolboretas, inespecífico, que se considerou moi acaído para o xénero <i>Ornithoptera</i>, por presentaren estas especies unhas ás moi longas, que lembran paxaros, para alén de estar tamén en correspondencia co nome científico (<i>Ornithoptera</i>). Por coherencia e cohesión, utilízase paxarúa para a formación dos nomes doutras bolboretas do xénero <i>Ornithoptera</i>, que ademais teñen características similares no que atinxe ás ás.</p> <p>de Alexandra: na honra da raíña Alexandra de Dinamarca, como tamén se indica no nome científico (<i>alexandrae</i>).</p>	<p>queen Alexandra's birdwing</p>
<p><i>Ornithoptera paradisea</i> (Staudinger, 1893)</p>	<p>paxarúa do paraíso</p> <p>do paraíso: por estar así indicado no seu nome científico (<i>paradisea</i>).</p>	<p>paradise birdwing</p>
<p><i>Ornithoptera goliath</i> (Oberthür, 1888)</p>	<p>paxarúa goliat</p> <p>goliat: por causa do seu tamaño xigantesco, como tamén se indica no nome científico (<i>goliath</i>). Fai referencia a Goliat, xigante que loitou contra David, na Biblia. No nome das bolboretas da especie <i>Ornithoptera goliath</i>, goliat escríbese con minúscula aínda que, na súa orixe, goliat estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).</p>	<p>Goliath birdwing</p>
<p><i>Ornithoptera priamus</i> (Linnaeus, 1758)</p>	<p>paxarúa de Priam</p> <p>de Priam: na lembranza de Priam, rei de Troia na mitoloxía grega, como tamén se indica no nome científico (<i>priamus</i>). O nome Priam escríbese con maiúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Ornithoptera priamus</i>, porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente ao rei de Troia (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).</p>	<p>common green birdwing Priam's birdwing Cape York birdwing northern birdwing</p>
<p><i>Graphium doson</i> (Felder & Felder, 1864)</p>	<p>gaio común</p> <p>gaio: por causa das cores e os debuxos das ás, que lembran a abigarrada mestura de cores da plumaxe do paxaro chamado gaio en galego (<i>Garrulus glandarius</i>). Algunhas especies, como <i>Graphium doson</i>, teñen unha lixeira tonalidade azul, que tamén ten o gaio na súa plumaxe. Por coherencia e cohesión, utilízase gaio para a formación dos nomes doutras bolboretas do xénero <i>Graphium</i>, que ademais teñen todas elas cores e debuxos nas ás semellantes a <i>Graphium doson</i>.</p> <p>común: por ser a especie máis común do xénero <i>Graphium</i>.</p>	<p>common jay</p>
<p><i>Graphium evemon</i> (Boisduval, 1836)</p>	<p>gaio pequeno</p> <p>pequeno: por causa do seu tamaño, en comparación con outras especies deste xénero.</p>	<p>blue jay lesser jay pale green triangle</p>
<p><i>Graphium monticolus</i> (Fruhstorfer, 1896)</p>	<p>gaio de Sulawesi</p> <p>de Sulawesi: pola súa área de distribución.</p>	<p>Sulawesi blue triangle</p>

<i>Graphium nomius</i> (Esper, 1798)	gaio pintado pintado: pola coloración das ás.	spot swordtail
<i>Graphium macleayanus</i> (Leach, 1814)	gaio de Macleay de Macleay: na honra do lepidopterólogo escocés Charles Macleay, como tamén se indica no nome científico (<i>macleayanus</i>).	Macleay's swordtail
<i>Graphium junodi</i> (Trimen, 1893)	gaio de Junod de Junod: na honra do antropólogo, botánico e entomólogo suízo Henri-Alexandre Junod, como tamén se indica no nome científico (<i>junodi</i>).	Junod's swordtail
<i>Graphium angolanus</i> (Goeze, 1779)	gaio de Angola de Angola: pola súa área de distribución, tamén apuntada no seu nome científico (<i>angolanus</i>).	Angola white lady
<i>Graphium antheus</i> (Cramer, 1779)	gaio listado grande var.: gaio listrado grande listrado: por causa das listras das ás; e grande: polo seu tamaño, que o diferencia de <i>Graphium policenes</i> .	large striped swordtail
<i>Graphium policenes</i> (Cramer, 1775)	gaio listado pequeno var.: gaio listrado pequeno listrado: por causa das listras das ás; e pequeno: polo seu tamaño, que o diferencia de <i>Graphium antheus</i> .	small striped swordtail
<i>Graphium megarus</i> (Westwood, 1841)	gaio manchado manchado: por causa do debuxo e da coloración das ás.	spotted zebra
<i>Graphium macareus</i> (Godart, 1819)	gaio pinto pequeno pinto pequeno: con debuxo e coloración das ás, brancas e negras, moi semellantes a <i>Graphium xenocles</i> , pero co modificador pequeno por ser <i>Graphium macareus</i> de menor tamaño que <i>Graphium xenocles</i> .	lesser zebra
<i>Graphium xenocles</i> (Doubleday, 1842)	gaio pinto grande pinto grande: con debuxo e coloración das ás, brancas e negras, moi semellantes a <i>Graphium macareus</i> , pero co modificador grande por ser <i>Graphium xenocles</i> de maior tamaño que <i>Graphium macareus</i> .	great zebra

especie galega (e) ou europea

especie exótica

Subfamilia: **Parnasíneos (Parnassiinae)** : carnavais, apolos

<i>Zerynthia (Zerynthia) rumina</i> (Linnaeus, 1758)	carnaval ibérico carnaval: por causa da pintalgada coloración das ás, quedando ademais deste modo harmonizado co nome portugués desta bolboreta. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén carnaval para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Zerynthia</i> , todas elas con semellantes debuxos e coloracións nas ás. ibérico: por ser a única especie do xénero <i>Zerynthia</i> que está presente na Península Ibérica.	Spanish festoon butterfly Spanish festoon
<i>Zerynthia (Zerynthia) polyxena</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	carnaval do leste do leste: en relación coa súa área de distribución.	southern festoon
<i>Zerynthia (Allancastria) caucasica</i> (Lederer, 1864)	carnaval do Cáucaso do Cáucaso: en relación coa súa área de distribución, como tamén se indica no nome científico (<i>caucasica</i>).	Caucasian festoon
<i>Zerynthia (Allancastria) cerisy</i> (Godart, 1824)	carnaval turco turco: en relación coa súa área de distribución.	eastern festoon
<i>Zerynthia (Allancastria) cretica</i> (Rebel, 1904)	carnaval de Creta de Creta: en relación coa súa área de distribución, como tamén se indica no nome científico (<i>cretica</i>).	Cretan festoon
<i>Zerynthia (Allancastria) deyrollei</i> (Oberthür, 1869)	carnaval das estepas das estepas: en relación co seu hábitat.	eastern steppe festoon
<i>Parnassius apollo</i> (Linnaeus, 1758)	apolo común sin.: bolboreta apolo apolo: tirado do nome científico (<i>apollo</i>). É xa unha denominación galega empregada para esta especie. Fai referencia a Apolo, deus do Sol dos gregos e dos romanos. O nome apolo escríbese con minúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Parnassius apollo</i> , aínda que, na súa orixe, apolo estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias). Por coherencia e cohesión, utilízase tamén apolo para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Parnassius</i> , todas elas ademais bastante semellantes. común: por ser a especie máis frecuente do xénero <i>Parnassius</i> no mundo. bolboreta apolo: inclúese como sinónimo, ou denominación secundaria, por ser un nome moi popular para esta especie, compartido por case todas as linguas. A existencia desta denominación permítenos empregar en galego apolo con calquera dos dous xéneros gramaticais: xénero gramatical masculino (un apolo), sobreentendendo que facemos referencia ao deus dos gregos e dos romanos; e xénero gramatical feminino (unha apolo), sobreentendendo a palabra bolboreta (unha bolboreta apolo) na denominación.	Apollo mountain Apollo

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Parnassius mnemosyne</i> (Linnaeus, 1758)	apolo aborrallada aborrallada: por ser a coloración das súas ás, máis agrisadas que as das outras especies do xénero <i>Parnassius</i> .	clouded Apollo
<i>Parnassius nordmanni</i> (Ménétriés, 1850)	apolo do Cáucaso do Cáucaso: en relación coa súa área de distribución.	Caucasian Apollo
<i>Parnassius phoebus</i> (Fabricius, 1793)	apolo pequena pequena: polo seu tamaño, en relación con <i>Parnassius apollo</i> .	small Apollo Phoebus Apollo
<i>Archon apollinus</i> (Herbst, 1798)	falsa apolo falsa apolo: por ser semellante ás especies dos xénero <i>Parnassius</i> , mais pertencer ao xénero <i>Archon</i> .	false Apollo
<i>Archon apollinaris</i> (Staudinger, 1892)	falsa apolo pequena pequena: polo seu tamaño, en relación con <i>Archon apollinus</i> (a falsa apolo ; especie europea).	little false Apollo

Familia: **Pierídeos (Pieridae)** (Swainson, 1820)

Subfamilia: Dismorfíneos (Dismorphiinae) : anxiños		
<i>Leptidea sinapis</i> (Linnaeus, 1758)	anxiño común anxiño: nome vernáculo galego para unha bolboreta de cor branca, que se corresponde ben coa coñecida e común <i>Leptidea sinapis</i> , especie suficientemente chamativa e abundosa para ter nome de seu. O nome anxiño reforza o sistema de nomenclatura co nome anxo , asignado ás especies do xénero <i>Pieris</i> , tamén brancas mais de tamaño maior. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén anxiño para fomar os nomes doutras especies do xénero <i>Leptidea</i> , que comparten con <i>Leptidea sinapis</i> a súa cor branca e o seu pequeno tamaño. común: por ser a especie do xénero <i>Leptidea</i> que encontramos habitualmente na Galiza.	wood white
<i>Leptidea duponcheli</i> (Staudinger, 1871)	anxiño de Duponchel de Duponchel: na honra do entomólogo francés Philogène Auguste Joseph Duponchel, como tamén se indica no nome científico (<i>duponcheli</i>).	eastern wood white
<i>Leptidea morsei</i> (Fenton, 1882)	anxiño da ervillaca da ervillaca: por causa dunha das plantas nutricias principais, a ervillaca brava (<i>Lathyrus aphaca</i>).	Fenton's wood white
<i>Leptidea reali</i> (Reissinger, 1990)	anxiño das montañas das montañas: por causa da súa distribución, en zonas de montaña.	Real's wood white

Subfamilia: **Pieríneos (Pierinae)** : anxos, auroras, esverdeadas, marmóreas, noivas, alcaparreira, estripeira, xezebeis

<i>Pieris brassicae</i> (Linnaeus, 1758)	<p>anxo da couve sin.: bolboreta da couve</p> <p>anxo: nome vernáculo galego para unha bolboreta de cor branca, que se corresponde ben coa coñecida e común <i>Pieris brassicae</i>, unha especie suficientemente chamativa e abundosa para ter nome de seu. O nome anxo reforza o sistema de nomenclatura co nome anxiño, asignado ás especies do xénero <i>Leptidea</i>, tamén brancas mais de tamaño menor. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén anxo para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Pieris</i>, que comparten con <i>Pieris brassicae</i> a súa cor branca e a súa morfoloxía.</p> <p>da couve: pola planta nutricia principal, a couve (<i>Brassica oleracea</i>).</p> <p>bolboreta da couve: inclúese como sinónimo, ou denominación secundaria, por ser un nome moi popular para esta especie, compartido por case todas as linguas.</p>	<p>large white cabbage white cabbage butterfly large cabbage white</p>
<i>Pieris balcana</i> (Lorkovic, 1970)	<p>anxo dos Balcáns</p> <p>dos Balcáns: en relación coa súa área de distribución.</p>	<p>Balkan green-veined white</p>
<i>Pieris bryoniae</i> (Hübner, 1806)	<p>anxo centroeuropeo</p> <p>centroeuropeo: en relación coa súa área de distribución.</p>	<p>mountain green-veined white</p>
<i>Pieris cheiranthi</i> (Hübner, 1808)	<p>anxo das Canarias</p> <p>das Canarias: en relación coa súa área de distribución.</p>	<p>Canary Islands large white</p>
<i>Pieris ergane</i> (Geyer, 1828)	<p>anxo das rochas</p> <p>das rochas: polo seu hábitat.</p>	<p>mountain small white</p>
<i>Pieris krueperi</i> (Staudinger, 1860)	<p>anxo de Krüper</p> <p>de Krüper: na honra do entomólogo alemán Theobald Johannes Krüper, como tamén se indica no nome científico (<i>krueperi</i>).</p>	<p>Krueper's small white</p>
<i>Pieris manni</i> (Mayer, 1851)	<p>anxo de Mann</p> <p>de Mann: na honra do entomólogo alemán Josef Johann Mann, como tamén se indica no nome científico (<i>manni</i>).</p>	<p>southern small white</p>
<i>Pieris napi</i> (Linnaeus, 1758)	<p>anxo da colza</p> <p>da colza: por causa dunha das plantas nutricias principais, a colza (<i>Brassica napus</i> var. <i>oleifera</i>).</p>	<p>green-veined white</p>
<i>Pieris rapae</i> (Linnaeus, 1758)	<p>anxo das nabeiras</p> <p>das nabeiras: por causa dunha das plantas nutricias principais, o nabo (<i>Brassica rapa</i>).</p>	<p>small white small cabbage white</p>
<i>Pieris wollastoni</i> (Butler 1886)	<p>anxo da Madeira</p> <p>da Madeira: en relación coa súa área de distribución (endémica da illa).</p>	<p>Madeiran large white</p>

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Anthocharis cardamines</i> (Linnaeus, 1758)	aurora común aurora: para a formación dos nomes das especies do xénero <i>Anthocharis</i> , pola coloración das ás: brancas ou amareladas, con tonalidades grises e verdosas e características manchas laranxas, que lembran as cores cálidas da saída do sol. Tamén se emprega aurora para outros xéneros próximos que teñen un padrón de cores moi semellante nas ás. O francés e o catalán teñen nomes semellantes para as bolboretas deste xénero (fr.: <i>aurore</i> ; cat.: <i>aurora</i>), polo mesmo motivo. común: por ser a especie do xénero <i>Anthocharis</i> máis común na Galiza.	orange tip
<i>Anthocharis belia</i> (Linnaeus, 1767)	aurora amarela amarela: polas tonalidades marcadamente amarelas das ás, en comparación con outras especies do xénero <i>Anthocharis</i> .	Moroccan orange tip
<i>Anthocharis damone</i> (Boisduval, 1836)	aurora oriental oriental: por causa da súa área de distribución europea.	Eastern orange tip
<i>Anthocharis euphenoides</i> (Staudinger, 1869)	aurora da Provenza da Provenza: en relación coa súa área de distribución.	Provence orange tip
<i>Anthocharis gruneri</i> (Herrich-Schäffer, 1851)	aurora dos Balcáns dos Balcáns: en relación coa súa área de distribución.	Grüner's orange tip
<i>Zegris (Zegris) eupheme</i> (Esper, 1804)	aurora de Esper de Esper: na honra do entomólogo alemán Eugenius Johann Christoph Esper, que foi quen describiu a especie.	sooty orange tip
<i>Colotis evagore</i> (Klug, 1829)	aurora do deserto do deserto: en relación coa súa área de distribución e hábitat (Sahara), aínda que tamén está presente no sur da Península Ibérica.	desert orange tip
<i>Euchloe (Elphinstonia) charlonia</i> (Donzel, 1842)	esverdeada occidental esverdeada: pola coloración verdosa das ás. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén esverdeada para formar os nomes doutras especies do subxénero <i>Elphinstonia</i> , que comparten con <i>Euchloe (Elphinstonia) charlonia</i> a coloración verdosa das ás. occidental: por ser a especie do subxénero <i>Elphinstonia</i> que encontramos máis ao oeste.	greenish black-tip greenish black-tip butterfly
<i>Euchloe (Elphinstonia) bazae</i> (Fabiano, 1993)	esverdeada de Baza de Baza: por ser descrita por primeira vez na depresión de Baza, ou Hoya de Baza (Granada), como tamén reflicte o seu nome científico (<i>bazae</i>).	Spanish greenish black-tip
<i>Euchloe (Elphinstonia) penia</i> (Freyer, 1851)	esverdeada oriental oriental: por causa da súa área de distribución europea, en comparación con con <i>Euchloe (Elphinstonia) charlonia</i> .	eastern greenish black-tip butterfly greenish black-tip butterfly

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Euchloe (Euchloe) crameri</i> (Butler, 1869)	marmórea común marmórea: pola coloración das ás posteriores, con tonalidades grises e verdes que lembran o mármore. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén marmórea para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Euchloe</i> , que comparten con <i>Euchloe (Euchloe) crameri</i> a coloración das ás posteriores. O francés e o catalán teñen nomes semellantes para as bolboretas deste xénero, polo mesmo motivo (fr.: <i>marbré</i> ; cat.: <i>marbrada</i>). común: por ser a especie do xénero <i>Euchloe</i> que encontramos habitualmente na Galiza.	western dappled white
<i>Euchloe (Euchloe) ausonia</i> (Hübner, 1804)	marmórea oriental oriental: por causa da súa área de distribución europea.	eastern dappled white
<i>Euchloe (Euchloe) belemia</i> (Esper, 1800)	marmórea do sisimbrio do sisimbrio: por ser o sisimbrio (<i>Sisymbrium officinale</i>) unha das plantas nutricias principais desta bolboreta.	green-striped white
<i>Euchloe (Euchloe) eversi</i> (Stamm, 1963)	marmórea de Tenerife de Tenerife: por ser endémica desta illa.	
<i>Euchloe (Euchloe) falloui</i> (Allard, 1867)	marmórea do deserto do deserto: en relación coa súa área de distribución e hábitat (Sahara).	scarce green-striped white
<i>Euchloe (Euchloe) grancanarensis</i> (Acosta, 2008)	marmórea da Gan Canaria da Gran Canaria: por ser endémica desta illa, como tamén o indica o seu nome científico (<i>grancanarensis</i>).	
<i>Euchloe (Euchloe) hesperidum</i> (Rothschild, 1913)	marmórea de Fuerteventura de Fuerteventura: por ser endémica desta illa.	Canary green-striped white
<i>Euchloe (Euchloe) insularis</i> (Staudinger, 1861)	marmórea corsa corsa: por ser endémica das illas de Córsega e Sardenña, como tamén se apunta no seu nome científico (<i>insularis</i>).	Corsican dappled white
<i>Euchloe (Euchloe) simplonia</i> (Freyer, 1829)	marmórea alpina alpina: por se encontrar en zonas da alta montaña.	mountain dappled white
<i>Euchloe (Euchloe) tagis</i> (Hübner, 1804)	marmórea do Texo do Texo: en relación coa súa área de distribución, como tamén o indica o seu nome científico (<i>tagis</i>).	Portuguese dappled white

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Pontia daplidice</i> (Linnaeus, 1758)	noiva da mostarda noiva: pola vistosa e elegante coloración das súas ás, brancas e con tonalidades cinzas, verdes e negras. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén noiva para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Pontia</i> , que comparten con <i>Pontia daplidice</i> a súa coloración e a súa morfoloxía. da mostarda: por causa dunha das plantas nutricias principais, a mostarda (<i>Sinapis alba</i>).	Bath white
<i>Pontia callidice</i> (Hübner, 1800)	noiva dos cumes dos cumes: porque se encontra nomeadamente nos cumes das montañas.	lofty bath white peak white
<i>Pontia chloridice</i> (Hübner, 1813)	noiva kurda kurda: en relación coa súa área de distribución.	lesser bath white
<i>Pontia edusa</i> (Fabricius, 1777)	noiva de Fabricius de Fabricius: na honra do zoolóxico danés Johan Christian Fabricius, que describiu esta especie para a ciencia.	eastern bath white
<i>Belenois aurota</i> (Fabricius, 1793)	alcaparreira alcaparreira: por ser a alcaparreira (<i>Capparis spinosa</i>) unha das plantas nutricias principais desta bolboreta.	pioneer white African white brown-veined white caper white
<i>Aporia crataegi</i> (Linnaeus, 1758)	estripeira estripeira: por ser o estripo (<i>Crataegus monogyna</i>) a planta –arboriña– nutricia característica desta especie, como tamén se apunta no seu nome científico (<i>crataegi</i>).	black-veined white
<i>Delias eucharis</i> (Drury, 1773)	xezebel común xezebel: é xa unha denominación galega empregada para esta especie no ámbito divulgativo. A motivación semántica son as vistosas e rechamantes cores das súas ás, facendo referencia a Xezebel, ou Xezabel, raiña do antigo Israel, asociada, entre outras características, a unha indumentaria vistosa e rechamante. Fica ademais así harmonizado co nome portugués desta bolboreta. O inglés ten o mesmo nome para as bolboretas deste xénero. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén xezebel para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Delias</i> , todas elas con rechamantes coloracións nas ás. O nome xezebel escríbese con minúscula para nos referirmos ás bolboretas do xénero <i>Delias</i> , aínda que, na súa orixe, xezebel estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias). común: por ser a máis común das bolboretas de xénero <i>Delias</i> .	common Jezebel
<i>Delias rosenbergi</i> (Snellen van Vollenhoven, 1865)	xezebel de Sulawesi de Sulawesi: en relación coa súa área de distribución.	Rosenberg painted Jezebel
<i>Delias nigrina</i> (Fabricius, 1775)	xezebel negra negra: por causa da coloración das ás.	black Jezebel

Subfamilia: Coliadíneos (Coliadinae) : cleopatra, limoeiras, xofradas		
<i>Gonepteryx cleopatra</i> (Linnaeus, 1767)	<p>cleopatra</p> <p>sin.: bolboreta cleopatra</p> <p>cleopatra: é xa unha denominación galega empregada para esta especie na lepidopteroloxía especializada e no ámbito divulgativo, tirada do nome científico (<i>cleopatra</i>). Fai referencia a Cleopatra, raíña do Exipto. O nome cleopatra escríbese con minúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Gonepteryx cleopatra</i>, aínda que, na súa orixe, cleopatra estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).</p> <p>bolboreta cleopatra: inclúese como sinónimo, ou denominación secundaria, por ser un nome moi popular para esta especie, compartido por case todas as linguas.</p>	Cleopatra Cleopatra butterfly
<i>Catopsilia florella</i> (Fabricius, 1775)	<p>limoeira das casias</p> <p>limoeira: pola viva e vistosa cor amarela das súas ás. É un nome tamén para algunhas especies do xénero <i>Gonepteryx</i>, moi semellantes, que teñen tamén esta mesma cor amarela intensa.</p> <p>das casias: por seren as casias (<i>Cassia</i> spp.) as plantas nutricias principais desta bolboreta.</p>	common vagrant African migrant African emigrant
<i>Gonepteryx cleobule</i> (Hübner, 1830)	<p>limoeira das Canarias</p> <p>das Canarias: en relación coa súa área de distribución.</p>	Canary brimstone
<i>Gonepteryx farinosa</i> (Zeller, 1847)	<p>limoeira fariñenta</p> <p>fariñenta: pola súa textura, como tamén se indica no nome científico (<i>farinosa</i>).</p>	powdered brimstone
<i>Gonepteryx maderensis</i> (Felder, 1862)	<p>limoeira da Madeira</p> <p>da Madeira: en relación coa súa área de distribución.</p>	Madeira brimstone
<i>Gonepteryx rhamni</i> (Linnaeus, 1758)	<p>limoeira común</p> <p>común: por ser a máis común das bolboretas chamadas limoeiras.</p>	brimstone common brimstone
<i>Colias croceus</i> (Fourcroy, 1785)	<p>xofrada común</p> <p>xofrada: pola súa cor amarelada acinentada, que lembra a do xofre. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén xofrada para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Colias</i>, todas elas con coloracións amareladas nas ás.</p> <p>común: por ser a máis común das bolboretas de xénero <i>Colias</i>.</p>	clouded yellow clouded yellow butterfly
<i>Colias alfacariensis</i> (Ribbe, 1905)	<p>xofrada de Berger</p> <p>de Berger: na honra do entomólogo belga L. A. Berger, que describiu a especie, diferenciándoa de <i>Colias hyale</i>.</p>	Berger's clouded yellow Berger's clouded yellow butterfly
<i>Colias aurorina</i> (Herrich-Schäffer, 1850)	<p>xofrada grega</p> <p>grega: en relación coa súa área de distribución.</p>	down clouded yellow down clouded yellow butterfly

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Colias caucasica</i> (Staudinger, 1871)	xofrada do Cáucaso do Cáucaso: en relación coa súa área de distribución.	Balkan clouded yellow Balkan clouded yellow butterfly
<i>Colias chrysotheme</i> (Esper, 1781)	xofrada pequena pequena: por causa do seu tamaño.	lesser clouded yellow lesser clouded yellow butterfly
<i>Colias erate</i> (Esper, 1805)	xofrada oriental oriental: por causa da súa área de distribución europea.	eastern pale clouded yellow eastern pale clouded yellow butterfly
<i>Colias hecla</i> (Lefèbvre, 1836)	xofrada ártica ártica: pola súa área de distribución.	northern clouded yellow northern clouded yellow butterfly Greenland butterfly
<i>Colias hyale</i> (Linnaeus, 1758)	falsa xofrada de Berger falsa xofrada de Berger: por ser moi semellante a <i>Colias alfacariensis</i> e ás veces ser confundida con ela. O entomólogo belga L. A. Berger foi quen diferenciou <i>Colias alfacariensis</i> de <i>Colias hyale</i> .	pale clouded yellow pale clouded yellow butterfly
<i>Colias myrmidone</i> (Esper, 1781)	xofrada azafranada azafranada: pola súa tonalidade.	Danube clouded yellow Danube clouded yellow butterfly
<i>Colias palaeno</i> (Linnaeus, 1761)	xofrada da Siberia da Siberia: en relación coa súa área de distribución.	arctic sulphur butterfly moorland clouded yellow moorland clouded yellow butterfly Palaeno sulphur Palaeno sulphur butterfly
<i>Colias phicomone</i> (Esper, 1780)	xofrada alpina alpina: por se encontrar en zonas da alta montaña.	mountain clouded yellow mountain clouded yellow butterfly
<i>Colias thisoa</i> (Ménétries, 1832)	xofrada de Ménétres de Ménétres: na honra do zoólogo francés Edouard Ménétres, que foi quen describiu esta especie.	clouded Turan yellow
<i>Colias tyche</i> (Böber, 1812)	xofrada de Böber de Böber: na honra do entomólogo e botánico alemán Johann von Böber, que describiu esta especie.	Booth's sulphur pale arctic clouded yellow

especie galega (e) ou europea

especie exótica

Familia: **Licanídeos** (Lycaenidae) (Leach, 1815)

Subfamilia: **Afnaineos** (Aphnaeinae) : **leopardas**

<i>Apharitis acamas</i> (Klug, 1834)	leoparda de Klug leoparda: por causa da cor e o debuxo das súas ás, que lembra a pel do leopardo. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén leoparda para a formación dos nomes doutras bolboretas dos xéneros <i>Apharitis</i> e <i>Cigaritis</i> (xéneros moi próximos, con especies que teñen un padrón de coloración das ás moi semellante). de Klug: na honra do entomólogo alemán Johann Christoph Friedrich Klug, que foi quen describiu esta especie.	tawny silverline
<i>Cigaritis allardi</i> (Oberthür, 1909)	leoparda de Allard de Allard: na honra do entomólogo francés Gaston Allard, como tamén se indica no nome científico (<i>allardi</i>).	Allard's silverline
<i>Cigaritis myrmecophila</i> (Dumont, 1922)	leoparda do deserto do deserto: en relación coa súa área de distribución e hábitat (Sahara).	Arab leopard
<i>Cigaritis siphax</i> (Lucas, 1849)	leoparda de Lucas de Lucas: na honra do entomólogo francés Hippolyte Lucas, que describiu esta especie.	common silverline
<i>Cigaritis zohra</i> (Donzel, 1847)	leoparda de Donzel de Donzel: na honra do entomólogo francés Hugo Fleury Donzel, que describiu o xénero <i>Cigaritis</i> .	Donzel's silverline

Subfamilia: Teclíneos (Theclinae) : abruñeira, carballiña, freixeira, viuviñas, verdiñas		
<i>Thecla betulae</i> (Linnaeus, 1758)	abruñeira abruñeira : pola planta nutricia principal, o abruñeiro (<i>Prunus spinosa</i>).	brown hairstreak
<i>Favonius quercus</i> (Linnaeus, 1758)	carballiña carballiña : polas plantas nutricias principais, os carballos (<i>Quercus</i> spp.).	purple hairstreak
<i>Laeosopis roboris</i> (Esper, 1789)	freixeira freixeira : polas plantas nutricias principais, os freixos (<i>Fraxinus</i> spp.).	Spanish purple hairstreak
<i>Satyrium acaciae</i> (Fabricius, 1787)	viuviña do abruñeiro viuviña : por causa da cor das súas ás, negra ou moura, que lembra o loito dunha viúva. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén viuviña para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Satyrium</i> , que comparten con <i>Satyrium acaciae</i> a coloración das ás. O nome viuviña reforza o sistema de nomenclatura co nome doutras bolboretas vistosas e de cor semellante, mais de maior tamaño: as viúvas (xénero <i>Hypolimnas</i>). do abruñeiro : pola planta nutricia principal, o abruñeiro (<i>Prunus spinosa</i>).	sloe hairstreak
<i>Satyrium esculi</i> (Hübner, 1804)	viuviña do carrasco do carrasco : pola planta nutricia principal, o carrasco, ou carrasqueiro (<i>Quercus coccifera</i>).	false ilex hairstreak
<i>Satyrium ilicis</i> (Esper, 1779)	viuviña da aciñeira da aciñeira : pola planta nutricia principal, a aciñeira (<i>Quercus ilex</i>).	ilex hairstreak
<i>Satyrium lederi</i> (Boisduval, 1848)	viuviña do Cáucaso do Cáucaso : en relación coa súa área de distribución.	orange-banded hairstreak
<i>Satyrium pruni</i> (Linnaeus, 1758)	viuviña negra negra : pola cor máis anegrada na parte anterior das ás e máis escura na inferior.	black hairstreak
<i>Satyrium spini</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	viuviña do escambrón do escambrón : pola planta nutricia principal, o escambrón (<i>Rhamnus cathartica</i>).	blue spot hairstreak
<i>Satyrium w-album</i> (Knoch, 1782)	viuviña dos ulmeiros dos ulmeiros : polas plantas nutricias principais, os ulmeiros (<i>Ulmus</i> spp.).	white-letter hairstreak

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Tomares nogelii</i> (Herrich-Schäffer, 1851)	verdiña dos astrágalos verdiña: pola súa cor e polo seu tamaño. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén verdiña para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Tomares</i> e <i>Callophrys</i> , que comparten con <i>Tomares nogelii</i> a coloración e a morfoloxía das ás. dos astrágalos: polas plantas nutricias principais, os astrágalos (<i>Astragalus</i> spp.).	Nogel's hairstreak Nogel's spring copper
<i>Tomares ballus</i> (Fabricius, 1787)	verdiña da Provenza da Provenza: en relación coa súa área de distribución.	Provence hairstreak
<i>Tomares callimachus</i> (Eversmann, 1848)	verdiña do Cáucaso do Cáucaso: pola súa área de distribución.	Caucasian vernal copper
<i>Tomares mauretanicus</i> (Lucas, 1849)	verdiña do sanfeno do sanfeno: pola planta nutricia principal, o sanfeno (<i>Onobrychis vicifolia</i>).	Moroccan hairstreak
<i>Callophrys avis</i> (Chapman, 1909)	verdiña de ollos rubios de ollos rubios: por causa do reberete rubio que ten ao redor dos ollos.	Chapman's green hairstreak
<i>Callophrys rubi</i> (Linnaeus, 1758)	verdiña de ollos brancos de ollos brancos: por causa do reberete branco que ten ao redor dos ollos.	green hairstreak
<i>Callophrys suaveola</i> (Staudinger, 1881)	verdiña do Cazaquistán do Cazaquistán: pola súa área de distribución; presente tamén na Transcaucasia.	Alpine green hairstreak

especie galega (e) ou europea

especie exótica

Subfamilia: **Licaníneos (Lycaeninae)** : **acobreadas**

<i>Lycaena phlaeas</i> (Linnaeus, 1761)	acobreada común acobreada: pola súa cor ocre avermellada, que lembra a do cobre. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén acobreada para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Lycaena</i> , todas elas con coloracións semellantes. común: por ser a máis común das bolboretas de xénero <i>Lycaena</i> .	small copper common copper American copper
<i>Lycaena alciphron</i> (Rottemburg, 1775)	acobreada púrpura púrpura: pola súa cor.	purple-shot copper
<i>Lycaena bleusei</i> (Oberthür, 1884)	acobreada ibérica ibérica: en relación coa súa área de distribución.	Iberian sooty copper
<i>Lycaena candens</i> (Herrich-Schäffer, 1844)	acobreada turca turca: en relación coa súa área de distribución.	Balkan copper
<i>Lycaena dispar</i> (Haworth, 1802)	acobreada das marismas das marismas: polo seu hábitat.	large copper
<i>Lycaena helle</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	acobreada violeta violeta: pola súa cor violeta, que se mestura cos tons acobreados.	violet copper
<i>Lycaena hippothoe</i> (Linnaeus, 1761)	acobreada das brañas das brañas: polo seu hábitat.	purpled-edged copper
<i>Lycaena ottomanus</i> (Lefébvre, 1830)	acobreada grega grega: en relación coa súa área de distribución.	Grecian copper
<i>Lycaena phoebus</i> (Blachier, 1905)	acobreada de Blachier de Blachier: na honra do entomólogo suízo Johann Charles Theodore Blachier, que foi quen describiu esta especie.	Moroccan copper
<i>Lycaena thersamon</i> (Esper, 1784)	acobreada de Esper de Esper: na honra do entomólogo alemán Eugenius Johann Christoph Esper, que foi quen describiu esta especie.	lesser fiery copper
<i>Lycaena thetis</i> (Klug, 1834)	acobreada de Klug de Klug: na honra do entomólogo alemán Johann Christoph Friedrich Klug, que foi quen describiu esta especie.	fiery copper golden copper
<i>Lycaena tityrus</i> (Poda, 1761)	acobreada escura escura: por ter esta tonalidade.	sooty copper
<i>Lycaena virgaureae</i> (Linnaeus, 1758)	acobreada de ouro de ouro: pola súa cor, especialmente intensa e rechamante.	scarce copper

especie galega (e) ou europea

especie exótica

Subfamilia: Poliomatíneos (Polyommatae) : rabeiras, rabeiriñas, rabelas, cuquiñas, cucas, cincintiñas, formigueiras, puia dos xeranos, celeste, cobáltica, nazarena, tomiñeiras, azuliñas, miudiña, zafirina, arandeira, griseiras, mourañas, agulleiras, prateada, eros, ícaro, turquesas, meniñas

<p><i>Lampides boeticus</i> (Linnaeus, 1767)</p>	<p>rabeira común</p> <p>rabeira: que ten rabo, por causa das prolongacións nas ás posteriores. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén rabeira para formar os nomes doutras especies dos xéneros <i>Lampides</i> e <i>Leptotes</i>, que ademais comparten con <i>Lampides boeticus</i> a presenza de prolongacións nas ás posteriores e o seu tamaño. O nome rabeira reforza o sistema de nomenclatura, por un lado, co nome doutras especies desta mesma subfamilia chamadas rabeiriñas, de tamaño marcadamente máis pequeno que as rabeiras pero con prolongacións posteriores semellantes; e por outro lado, coas chamadas rabelas, tamén con prolongacións nas ás posteriores, pero pequeniñas -case non teñen- en comparación coas prolongacións das rabeiras e rabeiriñas.</p> <p>común: é a única especie do xénero <i>Lampides</i> presente na Galiza.</p>	<p>pea blue long-tailed blue</p>
<p><i>Leptotes pirithous</i> (Linnaeus, 1767)</p>	<p>rabeira estriada</p> <p>estriada: por causa do debuxo en estrias que ten nas ás.</p>	<p>common zebra blue Lang's short-tailed blue</p>
<p><i>Tarucus theophrastus</i> (Fabricius, 1793)</p>	<p>rabeiriña ibérica</p> <p>rabeiriña: que ten rabo e ademais é pequena de tamaño, polas prolongacións nas ás posteriores e polo seu pequeno tamaño, en comparación con <i>Lampides boeticus</i> e <i>Leptotes pirithous</i>. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén rabeiriña para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Tarucus</i>, que ademais comparten con <i>Tarucus theophrastus</i> a presenza de prolongacións nas ás posteriores e o reducido tamaño. O nome rabeiriña reforza o sistema de nomenclatura, por un lado, co nome doutras especies desta mesma subfamilia chamadas rabeiras, de tamaño marcadamente máis grande que as rabeiriñas pero con prolongacións posteriores semellantes; e por outro lado, coas chamadas rabelas, tamén con prolongacións nas ás posteriores, pero pequeniñas -case non teñen- en comparación coas prolongacións máis grandes das rabeiras e rabeiriñas.</p> <p>ibérica: en relación coa súa área de distribución. É a única especie do xénero <i>Tarucus</i> presente na Península Ibérica.</p>	<p>common tiger blue pointed pierrot African pierrot</p>
<p><i>Tarucus balkanica</i> (Freyer, 1844)</p>	<p>rabeiriña dos Balcáns</p> <p>dos Balcáns: en relación coa súa área de distribución.</p>	<p>little tiger blue Balkan pierrot</p>
<p><i>Tarucus rosacea</i> (Austaut, 1885)</p>	<p>rabeiriña da Berberia</p> <p>da Berberia: en relación coa súa área de distribución.</p>	<p>Mediterranean tiger blue Mediterranean pierrot</p>

<i>Cupido (Everes) argiades</i> (Pallas, 1771)	rabela dos trevos rabela: que ten un rabo moi pequeno, polas pequenas prolongacións nas ás posteriores, semellantes pero moito máis pequenas que as dos xéneros <i>Tarucus</i> , <i>Lampides</i> ou <i>Leptotes</i> . Por coherencia e cohesión, utilízase tamén rabela para a formación dos nomes doutras especies do subxénero <i>Everes</i> , que teñen todas estas pequeniñas prolongacións nas ás posteriores. dos trevos: por seren os trevos (<i>Trifolium</i> spp.) plantas nutricias ben características de <i>Cupido (Everes) argiades</i> .	short-tailed blue tailed Cupid
<i>Cupido (Everes) alcetas</i> (Hoffmannsegg, 1804)	rabela da Provenza da Provenza: en relación coa súa área de distribución.	Provençal short-tailed blue
<i>Cupido (Everes) decolorata</i> (Staudinger, 1886)	rabela oriental oriental: por causa da súa área de distribución europea.	eastern short-tailed blue
<i>Cupido (Everes) minimus</i> (Fuessly, 1775)	cuquiña pequena cuquiña: a partir do nome vernáculo cuco , inespecífico (bolboreta de cores), pero acaído para as bolboretas do xénero e subxénero <i>Cupido</i> , empregándose o sufixo diminutivo por causa do seu reducido tamaño. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén cuquiña , nomeadamente, para a formación dos nomes doutras especies do xénero e subxénero <i>Cupido</i> , mais tamén para especies doutros xéneros desta subfamilia moi semellantes en coloración e tamaño ao xénero <i>Cupido</i> . pequena: por causa do seu tamaño.	small blue
<i>Cupido (Everes) lorquini</i> (Herrich-Schäffer, 1847)	cuquiña de Lorquin de Lorquin: na honra do entomólogo francés Pierre Joseph Michel Lorquin, como tamén se indica no nome científico (<i>lorquini</i>).	Lorquin's blue
<i>Cupido (Everes) osiris</i> (Meigen, 1829)	cuquiña azul azul: por ser a máis azulada das cuquiñas.	Osiris blue
<i>Turanana panagea</i> (= <i>Turanana endymion</i>) (Herrich-Schäffer, 1851)	cuquiña da Anatolia da Anatolia: en relación coa súa área de distribución.	Anatolian odd-spot blue
<i>Turanana taygetica</i> (Rebel, 1902)	cuquiña do Peloponeso do Peloponeso: en relación coa súa área de distribución.	odd-spot blue
<i>Glaucopsyche (Glaucopsyche) alexis</i> (Poda, 1761)	cuca verdescente cuca: a partir do nome vernáculo cuco , inespecífico (bolboreta de cores), pero acaído para esta bolboreta. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén cuca para formar os nomes doutras especies do xénero <i>Glaucopsyche</i> e as do xénero <i>Scolitantides</i> . verdescente: pola súa cor, azul verdosa.	green-underside blue
<i>Glaucopsyche (Glaucopsyche) melanopos</i> (Boisduval, 1828)	cuca azul azul: pola súa cor.	black-eyed blue

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Glaucopsyche (Glaucopsyche) paphos</i> (Chapman, 1920)	cuca de Pafos de Pafos: pola súa área de distribución (localidade da illa de Chipre), tamén indicada no nome científico (<i>paphos</i>).	Paphos blue
<i>Scolitantides orion</i> (Pallas, 1771)	cuca dos boubíns dos boubíns: polas plantas nutricias principais, os boubíns (<i>Sedum</i> spp.).	chequered blue
<i>Azanus ubaldus</i> (Stoll, 1782)	cincentiña pequena cincentiña: pola súa cor e polo seu pequeno tamaño. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén cincentiña para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Azanus</i> , que comparten con <i>Azanus ubaldus</i> a cor e o tamaño. É un nome que tamén se emprega en portugués para bolboretas con estas características. pequena: por causa do seu tamaño, marcadamente menor que o de <i>Azanus jesous</i> .	bright babul blue desert babul blue velvet spotted blue
<i>Azanus jesous</i> (Guérin-Ménéville, 1847)	cincentiña de Guérin de Guérin: na honra do entomólogo francés Félix Edouard Guérin-Ménéville, que foi quen describiu esta especie.	African babul blue topaz spotted blue
<i>Iolana iolas</i> (Ochsenheimer, 1816)	formigueira das colúteas formigueira: por causa da asociación das súas larvas coas formigas. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén formigueira para a formación dos nomes doutras especies dos xéneros <i>Iolana</i> e <i>Phengaris</i> , cuxas larvas presentan tamén esta asociación. das colúteas: polas plantas nutricias principais, as colúteas (<i>Colútea</i> spp.).	Iolas blue
<i>Iolana alfieri</i> (Wiltshire, 1948)	formigueira oriental oriental: por causa da súa área de distribución europea.	burning bush blue
<i>Phengaris alcon</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	formigueira pequena pequena: por causa do seu tamaño.	Alcon blue Alcon large blue
<i>Phengaris arion</i> (Linnaeus, 1758)	formigueira grande grande: por causa do seu tamaño.	large blue
<i>Phengaris nausithous</i> (Bergsträsser, 1779)	formigueira escura escura: pola súa tonalidade.	dusky large blue
<i>Phengaris telejus</i> (Bergsträsser, 1779)	formigueira reberetada reberetada: polo marcado reberete negro que ten nas ás.	scarce large blue
<i>Cacyreus marshalli</i> (Butler, 1898)	puia dos xeránios puia dos xeránios: polos estragos que causa nos xeránios.	geranium bronze
<i>Celastrina argiolus</i> (Linnaeus, 1758)	celeste celeste: pola súa cor.	holly blue

<i>Cyaniris semiargus</i> (= <i>Polyommatus semiargus</i>) (Rottemburg, 1775)	cobáltica cobáltica: pola súa característica cor.	mazarine blue
<i>Cyclirius webbianus</i> (Brullé, 1839)	nazarena nazarena: pola súa cor.	Canary blue
<i>Pseudophilotes bavius</i> (Eversmann, 1832)	tomiñeira de Bavius tomiñeira: por seren os tomiños (<i>Thymus</i> spp.) as súas plantas nutricias principais. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén tomiñeira para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Pseudophilotes</i> , que comparten con <i>Pseudophilotes bavius</i> a preferencia polo tomiño como planta nutricia. de Bavius: do nome científico (<i>bavius</i>). Fai referencia a Bavius, poeta romano. O nome Bavius escríbese con maiúscula para nos referirmos á bolboreta da especie <i>Pseudophilotes bavius</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente ao poeta (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Bavius blue
<i>Pseudophilotes barbagiae</i> (De Prins & van der Poorten, 1982)	tomiñeira sarda sarda: por ser un endemismo da illa da Sardeña.	Sardinian blue
<i>Pseudophilotes baton</i> (Bergsträsser, 1779)	tomiñeira de Batón de Batón: do nome científico (<i>baton</i>). Fai referencia a Batón, un dos aurigas de Anfirao, na mitoloxía grega. O nome Batón escríbese con maiúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Pseudophilotes baton</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente ao auriga (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Baton blue
<i>Pseudophilotes vicrama</i> (Moore, 1865)	falsa tomiñeira de Batón falsa tomiñeira de Batón: por ser moi semellante a <i>Pseudophilotes baton</i> .	eastern Baton blue
<i>Pseudophilotes panoptes</i> (Hübner, 1813)	tomiñeira de Panoptes de Panoptes: do nome científico (<i>panoptes</i>). Fai referencia a Panoptes, sinónimo de Argos, neste caso o xigante de cen ollos, na mitoloxía grega. O nome Panoptes escríbese con maiúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Pseudophilotes panoptes</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente ao xigante (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Panoptes blue
<i>Pseudophilotes abencerragus</i> (Pierret, 1837)	azuliña da cleonia azuliña: pola súa cor e polo seu tamaño miúdo. <i>Pseudophilotes abencerragus</i> comparte o nome azuliña con especies doutros xéneros desta subfamilia que teñen igualmente cor azulada e tamaño pequeno. É un nome que tamén se emprega en portugués para bolboretas con estas características. da cleonia: pola planta nutricia principal, a cleonia (<i>Cleonia lusitanica</i>).	false Baton blue

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Chilades trochylus</i> (Freyer, 1845)	miudiña miudiña: por causa do seu tamaño.	grass jewel
<i>Chilades galba</i> (Lederer, 1855)	azuliña persa azuliña: pola coloración azulada. <i>Chilades galba</i> comparte o nome azuliña con especies doutros xéneros desta subfamilia que teñen igualmente cor azulada e tamaño pequeno. É un nome que tamén se emprega en portugués para bolboretas con estas características. persa: en relación coa súa área de distribución (tamén está presente en Chipre e no Cáucaso).	Persian grass blue
<i>Zizeeria knysna</i> (Trimen, 1862)	azuliña africana azuliña: pola coloración azulada. O xénero <i>Zizeeria</i> comparte o nome azuliña con especies doutros xéneros desta subfamilia que teñen igualmente cor azulada e tamaño pequeno. É un nome que tamén se emprega en portugués para bolboretas con estas características. africana: pola súa área de distribución, aínda que tamén está presente na Península Ibérica.	African grass blue
<i>Zizeeria karsandra</i> (Moore, 1865)	azuliña de Moore de Moore: na honra do entomólogo británico Frederic Moore, que foi quen describiu esta especie.	dark grass blue
<i>Plebejus (Plebejides) loewii</i> (Zeller, 1847)	azuliña de Loew azuliña: pola súa cor e polo seu tamaño miúdo. O xénero <i>Plebejus</i> comparte o nome azuliña con especies doutros xéneros desta subfamilia que tamén son de cor azulada e tamaño pequeno. É un nome que tamén se emprega en portugués para bolboretas con estas características. de Loew: na honra do entomólogo alemán Friedrich Hermann Loew, como tamén se indica no nome científico (<i>loewii</i>).	Loew's blue
<i>Plebejus (Plebejides) allardi</i> (Oberthür, 1874)	azuliña de Allard de Allard: na honra do entomólogo francés Gaston Allard, como tamén se indica no nome científico (<i>allardi</i>).	Allard's blue
<i>Plebejus (Plebejides) hesperica</i> (Rambur, 1839)	azuliña ibérica ibérica: en relación coa súa área de distribución (limitada á Península Ibérica).	Spanish zephyr blue
<i>Plebejus (Plebejides) pylaon</i> (Fischer von Waldheim, 1832)	azuliña dos astrágalos dos astrágalos: polas plantas nutricias principais, os astrágalos (<i>Astragalus</i> spp.).	zephyr blue
<i>Plebejus (Plebejides) trappi</i> (Vérity, 1927)	azuliña do Piemonte do Piemonte: pola súa área de distribución, limitada a unha rexión dos Alpes, na Suíza e na Italia (caracteristicamente no Piemonte).	Alpine zephyr blue

<i>Plebejus (Plebejides) sephirus</i> (Frivaldzky 1835)	zafirina zafirina: por causa da súa tonalidade azul, semellante á da pedra preciosa, como tamén se indica no nome científico (<i>sephirus</i>).	zephyr blue
<i>Plebejus (Vacciniina) optilete</i> (Knoch, 1781)	arandeira arandeira: pola planta nutricia principal, a arandeira (<i>Vaccinium myrtillus</i>).	cranberry blue
<i>Plebejus (Plebejus) argyrognomon</i> (Bergsträsser, 1779)	azuliña de Reverdin de Reverdin: na honra do médico e naturalista suízo Jacques-Louis Reverdin, especialista en bolboretas.	Reverdin's blue
<i>Plebejus (Plebejus) argus</i> (Linnaeus, 1758)	azuliña de Argos de Argos: do nome científico (<i>argus</i>). Fai referencia a Argos, fillo de Níobe, rei de Argos na mitoloxía grega. O nome Argos escríbese con maiúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Plebejus (Plebejus) argus</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente ao personaxe mitolóxico (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	silver-studded blue
<i>Plebejus (Plebejus) idas</i> (Linnaeus, 1761)	azuliña de Idas de Idas: do nome científico (<i>idas</i>). Fai referencia a Idas, irmán de Linceo, un dos argonautas na mitoloxía grega. O nome Idas escríbese con maiúscula no nome galego das bolboretas da especie <i>Plebejus (Plebejus) idas</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente ao argonauta (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Idas blue northern blue
<i>Plebejus (Plebejus) bellieri</i> (Oberthür, 1910)	azuliña corsa corsa: por ser endémica das illas de Córsega e Sardeña.	Bellier's blue
<i>Plebejus (Albulina) orbitulus</i> (de Prunner, 1798)	azuliña alpina alpina: por se encontrar en zonas da alta montaña.	Alpine Argus
<i>Plebejus (Agriades) glandon</i> (de Prunner, 1798)	griseira de Glandon griseira: pola súa cor e tonalidade bastante agrisada. Comparte o nome xenérico con outras especies da subfamilia, de coloración moi semellante. de Glandon: en relación coa súa área de distribución (Alpes franceses).	Glandon blue
<i>Plebejus (Agriades) aquilo</i> (Boisduval, 1832)	griseira ártica ártica: en relación coa súa área de distribución.	Arctic blue
<i>Plebejus (Agriades) zulichii</i> (Hemming, 1933)	griseira de Serra Nevada de Serra Nevada: en relación coa súa área de distribución (endémica desta serra).	Zulich's blue
<i>Plebejus (Agriades) pyrenaica</i> (Boisduval, 1840)	griseira dos Pireneos dos Pireneos: en relación coa súa área de distribución, como tamén se apunta no nome científico (<i>pyrenaica</i>).	Garvanie blue

<i>Plebejus (Kretania) psylorita</i> (Freyer, 1845)	mouriña de Creta mouriña: por causa da súa cor escura e do seu tamaño. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén mouriña para a formación dos nomes doutras especies dos xéneros <i>Plebejus</i> , <i>Aricia</i> ou próximos, que teñen esta mesma cor e tamaño. de Creta: por ser endémica da illa de Creta.	Cretan Argus
<i>Plebejus (Kretania) eurypilus</i> (Freyer, 1851)	mouriña oriental oriental: por causa da súa área de distribución europea.	eastern brown Argus
<i>Aricia agestis</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	mouriña común común: por ser unha mouriña común na Galiza e ter ademais a área de distribución máis larga das mouriñas (o Paleártico todo).	brown Argus
<i>Aricia eumedon</i> (Esper, 1780)	mouriña das agulleiras das agulleiras: por seren as agulleiras (<i>Geranium</i> spp.) as súas plantas nutricias principais.	geranium Argus
<i>Aricia artaxerxes</i> (Fabricius, 1793)	mouriña do norte do norte: por causa da súa área de distribución europea, en comparación coa de <i>Aricia cramera</i> .	northern brown Argus
<i>Aricia cramera</i> (Eschscholtz, 1821)	mouriña do sur do sur: por causa da súa área de distribución europea, en comparación coa de <i>Aricia artaxerxes</i> .	southern brown Argus
<i>Aricia montensis</i> (Vérity, 1928)	mouriña das montañas das montañas: por causa da súa distribución, en zonas de montaña.	mountain Argus
<i>Aricia morronensis</i> (Ribbe, 1910)	mouriña ibérica ibérica: por estar presente só na Península Ibérica.	Spanish Argus
<i>Aricia anteros</i> (Freyer, 1838)	agulleira balcánica agulleira: por seren as agulleiras (<i>Geranium</i> spp.) as súas plantas nutricias principais, como <i>Aricia nicias</i> . balcánica: en relación á súa área de distribución.	blue Argus
<i>Aricia nicias</i> (Meigen, 1830)	agulleira arxentea agulleira: por seren as agulleiras (<i>Geranium</i> spp.) as súas plantas nutricias principais, como <i>Aricia anteros</i> . arxentea: por causa da súa cor e tonalidade.	silvery Argus
<i>Polyommatus (Agrodiaetus) damon</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	azuliña de Damón de Damón: do nome científico (<i>damon</i>). Pode facer referencia a diversos personaxes de nome Damón, na mitoloxía grega. O nome Damón escríbese con maiúscula no nome das bolboretas da especie <i>Polyommatus (Agrodiaetus) damon</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente ao personaxe da mitoloxía (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Damon blue
<i>Polyommatus (Agrodiaetus) iphigenia</i> (Herrich-Schäffer, 1847)	azuliña da Anatolia da Anatolia: en relación coa súa área de distribución.	Chelmos blue

<i>Polyommatus (Agrodiaetus) damocles</i> (Herrich-Schäffer, 1844)	azuliña de Dámocles de Dámocles: do nome científico (<i>damocles</i>). Fai referencia a Dámocles, personaxe da mitoloxía grega. O nome Dámocles escríbese con maiúscula no nome das bolboretas da especie <i>Plebejus (Agrodiaetus) damocles</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente ao personaxe da mitoloxía (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Damocles blue
<i>Polyommatus (Agrodiaetus) dolus</i> (Hübner, 1823)	griseira aveludada aveludada: pola textura aveludada dos androconios dos machos, característica que comparte con <i>Plebejus (Agrodiaetus) fulgens</i> .	furry blue
<i>Polyommatus (Agrodiaetus) fulgens</i> (De Sagarra, 1925)	griseira aveludada catalá catalá: en relación coa súa área de distribución.	Foster's furry blue Catalonian furry blue
<i>Polyommatus (Agrodiaetus) admetus</i> (Esper, 1783)	mouriña de Esper de Esper: na honra do entomólogo alemán Eugenius Johann Christoph Esper, que foi quen describiu a especie.	anomalous blue
<i>Polyommatus (Agrodiaetus) aroaniensis</i> (Brown, 1976)	mouriña grega grega: en relación coa súa área de distribución.	Grecian anomalous blue
<i>Polyommatus (Agrodiaetus) eleniae</i> (Coutsis & De Prins, 2005)	mouriña do Falakro do Falakro: en relación coa súa área de distribución (monte Falakro, Grecia).	Phalakron anomalous blue
<i>Polyommatus (Agrodiaetus) fabressei</i> (Oberthür, 1910)	mouriña de Oberthür de Oberthür: na honra do entomólogo francés Charles Oberthür, que foi quen describiu esta especie.	Oberthür's anomalous blue
<i>Polyommatus (Agrodiaetus) galloi</i> (Balletto & Toso, 1979)	mouriña calabro-lucana calabro-lucana: en relación coa súa área de distribución, restrinxida a estas dúas rexións italianas.	Gallo's anomalous blue
<i>Polyommatus (Agrodiaetus) humedasae</i> (Toso & Balletto, 1976)	mouriña do Piemonte do Piemonte: en relación coa súa área de distribución.	Piedmont anomalous blue
<i>Polyommatus (Agrodiaetus) nephohiptamenos</i> (Brown & Coutsis, 1978)	mouriña dos Ródopes dos Ródopes: en relación coa súa área de distribución.	Higgins' anomalous blue
<i>Polyommatus (Agrodiaetus) ripartii</i> (Freyer, 1830)	mouriña de Ripart de Ripart: dedicada a Ripart, amigo do entomólogo alemán Christian Friedrich Freyer, que foi quen describiu a especie; tamén se indica no nome científico (<i>ripartii</i>).	Ripart's anomalous blue
<i>Polyommatus (Agrodiaetus) violetae</i> (Gómez-Bustillo, Expósito & Martínez, 1979)	mouriña andaluza andaluza: en relación coa súa área de distribución.	Andalusian anomalous blue

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Polyommatus (Agrodiaetus) menalcas</i> (Freyer 1837)	prateada prateada: pola súa cor.	Anatolian white-blue
<i>Polyommatus (Polyommatus) eros</i> (Ochsenheimer, 1808)	eros eros: do nome científico (<i>eros</i>). Fai referencia a Eros, deus grego do amor. O nome eros escríbese con minúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Polyommatus (Polyommatus) eros</i> , aínda que, na súa orixe, eros estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Eros blue
<i>Polyommatus (Polyommatus) icarus</i> (Rottemburg, 1775)	ícaro ícaro: do nome científico (<i>icarus</i>). Fai referencia a Ícaro, fillo de Dédalo, que foxe do labirinto de Creta cunhas ás de cera, na mitoloxía grega. O nome ícaro escríbese con minúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Polyommatus (Polyommatus) icarus</i> , aínda que, na súa orixe, ícaro estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	common blue
<i>Polyommatus (Polyommatus) amandus</i> (Schneider, 1792)	azuliña da ervillaca da ervillaca: por causa dunha das súas plantas nutricias principais, a ervillaca brava (<i>Lathyrus aphaca</i>).	Amanda's blue
<i>Polyommatus (Polyommatus) escheri</i> (Hübner, 1823)	azuliña de Escher de Escher: na honra do entomólogo suízo Heinrich Escher-Zollikofer, como tamén se indica no nome científico (<i>escheri</i>).	Escher's blue
<i>Polyommatus (Polyommatus) thersites</i> (Cantener, 1835)	azuliña de Tersites de Tersites: do nome científico (<i>thersites</i>). Fai referencia a Tersites, combatente grego da Guerra de Troia, na mitoloxía grega. O nome Tersites escríbese con maiúscula no nome galego das bolboretas da especie <i>Polyommatus (Polyommatus) thersites</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente ao combatente grego (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Chapman's blue
<i>Polyommatus (Polyommatus) dorylas</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	turquesa común turquesa: por causa da súa cor e tonalidade. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén turquesa para formar o nome de especies do xénero e subxénero <i>Polyommatus (Polyommatus)</i> , ou próximos, que tamén teñen esta coloración e un aspecto semellante a <i>Polyommatus (Polyommatus) dorylas</i> . común: por ser a máis común das turquesas.	turquoise blue
<i>Polyommatus (Polyommatus) atlantica</i> (Elwes, 1906)	turquesa do Atlas do Atlas: en relación coa súa área de distribución.	Atlas blue
<i>Polyommatus (Polyommatus) golgus</i> (Hübner, 1813)	turquesa de Serra Nevada de Serra Nevada: en relación coa súa área de distribución, restrinxida a esta serra.	Nevada blue

<i>Polyommatus (Polyommatus) nivescens</i> (Keferstein, 1851)	turquesa nacarada nacalara: pola súa coloración.	mother-of-pearl blue
<i>Polyommatus (Meleageria) daphnis</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	turquesa de Dafnis de Dafnis: do nome científico (<i>daphnis</i>). Fai referencia a Dafnis, pastor en Sicilia, poeta e músico, na mitoloxía grega. O nome Dafnis escríbese con maiúscula no nome galego das bolboretas da especie <i>Polyommatus (Meleageria) daphnis</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente ao poeta da mitoloxía grega (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Meleager's blue
<i>Polyommatus (Lysandra) coridon</i> (Poda, 1761)	meniña común meniña: é un nome usado en galego para facer referencia ás especies do subxénero <i>Lysandra</i> , por influencia ou calcado do castelán (niña). común: por ser unha das especies máis comúns das bolboretas do subxénero <i>Lysandra</i> .	chalk hill blue
<i>Polyommatus (Lysandra) hispana</i> (Herrich-Schäffer, 1852)	meniña da Provenza da Provenza: en relación coa súa área de distribución.	Provence chalk hill blue
<i>Polyommatus (Lysandra) corydonius</i> (Herrich-Schäffer, 1852)	meniña do Cáucaso do Cáucaso: en relación coa súa área de distribución.	false chalk hill blue
<i>Polyommatus (Lysandra) albicans</i> (Gerhard, 1851)	meniña branca branca: por causa da súa coloración.	Spanish chalk hill blue
<i>Polyommatus (Lysandra) caelestissima</i> (Vérity 1921)	meniña azuleira azuleira: por causa da súa coloración.	azure chalk hill blue
<i>Polyommatus (Lysandra) bellargus</i> (Rottemburg, 1775)	meniña de Arxia de Arxia: do nome científico (<i>bellargus</i> : bela Arxia). Fai referencia á bela Arxia, filla de Anfitea e Adrasto, esposa de Polinice, na mitoloxía grega. O nome Arxia escríbese con maiúscula no nome galego das bolboretas da especie <i>Polyommatus (Lysandra) bellargus</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente á filla de Adrasto e Anfitea (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Adonis blue

Familia: **Riodínidos (Riodinidae)** (Grote, 1895)

Subfamilia: **Nemeobíneos (Nemeobiinae)** : **cancareira**

Hamearis lucina
(Linnaeus, 1758)

cancareira

cancareira: polas súas plantas nutricias principais, os cáncaros (*Primula* spp.).

duke of Burgundy

Familia: **Ninfalídeos (Nymphalidae)** (Rafinesque, 1815)

Subfamilia: **Libiteíneos (Libytheinae)** : **bicuda**

Libythea celtis
(Laicharting, 1782)

bicuda

bicuda: por causa dos seus palpos labiais, moi desenvolvidos.

European beak
nettle-tree butterfly

Subfamilia: **Caraxíneos (Charaxinae)** : **erbedeira**

Charaxes jasius
(Linnaeus, 1767)

erbedeira

erbedeira: pola súa planta nutricia principal, o érbedo (*Arbutus unedo*).

two-tailed pasha
foxy emperor

especie galega (e) ou europea

especie exótica

Subfamilia: **Danaíneos (Danainae)** : monarcas, tigradas, cebradas

<i>Danaus plexippus</i> (Linnaeus 1758)	monarca grande monarca: é un nome xa usado no ámbito divulgativo galego para facer referencia ás especies do xénero <i>Danaus</i> . Monarca ou bolboreta monarca é tamén o nome empregado para <i>Danaus plexippus</i> en moitas outras linguas (francés, inglés, alemán, castelán...). Foi nomeada monarca por primeira vez en inglés, polo entomólogo norteamericano Samuel H. Scudder, en 1874, literalmente porque <i>it is one of the largest of our butterflies, and rules a vast domain</i> ("é unha das máis grandes das nosas bolboretas, e cobre un vasto territorio"). Posteriormente, noutras linguas adoptouse tamén esta denominación para a especie. grande: por causa do seu tamaño, en comparación con <i>Danaus chryssippus</i> .	monarch butterfly
<i>Danaus chryssippus</i> (Linnaeus 1758)	monarca pequena pequena: por causa do seu tamaño, en comparación con <i>Danaus plexippus</i> .	African monarch plain tiger
<i>Parantica dabrera</i> (Miller & Miller, 1978)	tigrada de D'Abreira tigrada: polas cores amareladas e o debuxo listrado que teñen nas ás as especies do xénero <i>Parantica</i> , que lembran as listras dun tigre. de D'Abreira: na honra do entomólogo australiano Bernard d'Abreira, como tamén se indica no nome científico (<i>dabrera</i>).	D'Abreira's tiger
<i>Parantica timorica</i> (Grose-Smith, 1887)	tigrada de Timor de Timor: en relación coa súa área de distribución, como xa se apunta no nome científico (<i>timorica</i>).	Timor yellow tiger
<i>Ideopsis gaura</i> (Horsfield, 1829)	cebrada da floresta cebrada: polo característico debuxo que ten nas ás, que lembra as listras dunha cebrada. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén cebrada para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Ideopsis</i> , que comparten con <i>Ideopsis gaura</i> este mesmo debuxo nas ás. da floresta: en relación coa seu hábitat.	smaller wood nymph
<i>Ideopsis vitrea</i> (Blanchard, 1853)	cebrada de Blanchard de Blanchard: na honra do entomólogo e zoólogo francés Charles Émile Blanchard, que foi quen describiu a especie.	Blanchard's wood nymph

Subfamilia: Satiríneos (Satyrinae) : pedresas, faunos, damamoura, mouras, eneisas, sátiros, dríade, aretusa, montesas, pardiñas, pencada, maricelas, silveiras, apincharadas, estremeiras, ceboliza

<i>Melanargia galathea</i> (Linnaeus, 1758)	pedresa norteña pedresa: por causa da coloración das ás, cor de pedra e con manchas brancas e negras. Por coherencia e cohesión, emprégase pedresa para formar os nomes das especies do xénero <i>Melanargia</i> , que teñen todas este mesmo padrón de coloración. norteña: pola súa área de distribución europea, comparándoa coa de <i>Melanargia lachesis</i> .	marbled white
<i>Melanargia lachesis</i> (Hübner, 1790)	pedresa ibérica ibérica: en relación coa súa área de distribución.	Iberian marbled white
<i>Melanargia russiae</i> (Esper, 1783)	pedresa das montañas das montañas: pola súa distribución, en zonas de montaña.	Esper's marbled white
<i>Melanargia larissa</i> (Geyer, 1828)	pedresa dos Balcáns dos Balcáns: en relación coa súa área de distribución.	Balkan marbled white
<i>Melanargia pherusa</i> (Boisduval, 1833)	pedresa siciliana siciliana: en relación coa súa área de distribución.	Sicilian marbled white
<i>Melanargia occitanica</i> (Esper, 1793)	pedresa occitana occitana: en relación coa súa área de distribución, apuntada tamén no nome científico (<i>occitanica</i>).	western marbled white
<i>Melanargia arge</i> (Sulzer, 1776)	pedresa italiana italiana: en relación coa súa área de distribución, restrinxida á Península Itálica.	Italian marbled white
<i>Melanargia ines</i> (Hoffmannsegg, 1804)	pedresa dos almorávidas dos almorávidas: en relación coa súa área de distribución, que abrangue parte da Península Ibérica e o norte de África, que é a mesma que a do imperio almorávida.	Spanish marbled white
<i>Hipparchia (Parahipparchia) semele</i> (Linnaeus, 1758)	fauno común fauno: sinónimo de sátiro, divindades terrestres na mitoloxía grega. Está en relación co nome latino da subfamilia (<i>Satyrinae</i>). Por coherencia e cohesión, emprégase fauno para formar os nomes das especies dos subxéneros <i>Hipparchia</i> , <i>Neohipparchia</i> , <i>Parahipparchia</i> e <i>Pseudotergumia</i> , que teñen todas tamaño e padrón de coloración semellantes aos de <i>Hipparchia (Parahipparchia) semele</i> (de feito, inclúense todas no xénero <i>Hipparchia</i> , como mostramos nesta listaxe). común: por ser unha especie común na Galiza.	grayling

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Hipparchia (Parahipparchia) aristaeus</i> (Bonelli, 1826)	fauno meridional meridional: en relación coa súa área de distribución europea.	southern grayling
<i>Hipparchia (Parahipparchia) azorinus</i> (Strecker, 1898)	fauno dos Azores dos Azores: por ser un endemismo do arquipélago dos Azores, como apunta tamén o nome científico (<i>azorina</i>).	Azores grayling
<i>Hipparchia (Parahipparchia) christenseni</i> (Kudrna, 1977)	fauno de Karpathos de Karpathos: por ser un endemismo desta illa.	Karpathos grayling
<i>Hipparchia (Parahipparchia) cretica</i> (Rebel, 1916)	fauno de Creta de Creta: por ser un endemismo desta illa, como apunta tamén o nome científico (<i>cretica</i>).	Cretan grayling
<i>Hipparchia (Parahipparchia) mersina</i> (Staudinger, 1871)	fauno do Exeo do Exeo: en relación coa súa área de distribución.	Samos grayling
<i>Hipparchia (Parahipparchia) miguelensis</i> (Le Cerf, 1935)	fauno da San Miguel da San Miguel: por ser un endemismo da illa de San Miguel, no arquipélago dos Azores, como apunta tamén o nome científico (<i>miguelensis</i>).	Le Cerf's grayling
<i>Hipparchia (Parahipparchia) pellucida</i> (Stauder, 1923)	fauno de Stauder de Stauder: na honra do entomólogo austríaco Hermann Stauder, que foi quen describiu a especie ou subespecie.	Anatolian reddish grayling
<i>Hipparchia (Parahipparchia) volgensis</i> (Mazochin-Porshnjakov, 1952)	fauno dos Balcáns dos Balcáns: en relación coa súa área de distribución.	Delattin's grayling
<i>Hipparchia (Hipparchia) ellena</i> (Oberthür, 1893)	fauno magrebino magrebino: en relación coa súa área de distribución.	Algerian grayling
<i>Hipparchia (Hipparchia) fagi</i> (Scopoli, 1763)	fauno dos bosques dos bosques: polo seu hábitat.	woodland grayling
<i>Hipparchia (Hipparchia) hermione</i> (Linnaeus, 1764)	fauno das rochas das rochas: polo seu hábitat	rock grayling
<i>Hipparchia (Hipparchia) neomiris</i> (Godart, 1822)	fauno corso corso: en relación coa súa área de distribución (illas de Córsega, Sardeña e Elba).	Corsican grayling
<i>Hipparchia (Hipparchia) syriaca</i> (Staudinger, 1871)	fauno sirio sirio: en relación coa súa área de distribución, como se indica no nome científico (<i>syriaca</i>), aínda que tamén está presente no sueste europeo.	eastern rock grayling Syrian rock grayling Syrian tree-grayling

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Hipparchia (Neohipparchia) fatua</i> (Freyer, 1844)	fauno de Freyer de Freyer: na honra do entomólogo alemán Christian Friedrich Freyer, que foi quen describiu a especie.	Freyer's grayling
<i>Hipparchia (Neohipparchia) hansii</i> (Austaut, 1879)	fauno de Austaut de Austaut: na honra do entomólogo francés Jules Léon Austaut, que foi quen describiu a especie.	Austaut's grayling
<i>Hipparchia (Neohipparchia) statilinus</i> (Hufnagel, 1766)	fauno de Zeus de Zeus: do nome científico (<i>statilinus</i> ; Stator é sobrenome de Zeus). Fai referencia a Zeus, deus dos raios na mitoloxía grega. O nome Zeus escríbese con maiúscula no nome galego das bolboretas da especie <i>Hipparchia (Neohipparchia) statilinus</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente ao deus grego (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	tree grayling
<i>Hipparchia (Pseudotergumia) fida</i> (Linnaeus, 1767)	fauno riscado riscado: polo debuxo que ten nas ás.	stripped grayling
<i>Hipparchia (Pseudotergumia) wyssii</i> (Christ, 1889)	fauno das Canarias das Canarias: por ser un endemismo do arquipélago das Canarias.	Canary grayling
<i>Brintesia circe</i> (Fabricius, 1775)	damamoura damamoura: por causa da súa coloración, tamaño e vistosidade. O nome damamoura reforza o sistema de nomenclatura co nome doutras especies chamadas mouras e mouriñas , de cor semellante mais de tamaño mediano ou pequeno e sen a vistosidade de <i>Brintesia circe</i> .	great banded grayling
<i>Chazara briseis</i> (Linnaeus, 1764)	moura pequena moura: por causa da súa coloración. Por coherencia e cohesión, emprégase moura para formar os nomes das especies dos xéneros <i>Chazara</i> e <i>Pseudochazara</i> , que teñen todas elas padrón de coloración moi semellante. O nome moura reforza o sistema de nomenclatura co nome doutras especies chamadas mouriñas , de cor semellante, mais de tamaño máis pequeno do que teñen as mouras ; e co nome damamoura , de <i>Brintesia circe</i> . pequena: por causa do seu tamaño, en relación ás outras bolboretas denominadas mouras .	hermit
<i>Chazara prieuri</i> (Pierret, 1837)	moura meridional meridional: poa súa área de distribución europea, en comparación con <i>Chazara briseis</i> .	southern hermit
<i>Pseudochazara anthelea</i> (Hübner, 1824)	moura dos Balcáns dos Balcáns: en relación coa súa área de distribución.	white-banded grayling
<i>Pseudochazara cingovskii</i> (Gross, 1973)	moura da Macedonia da Macedonia: en relación coa súa área de distribución.	Macedonian grayling

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Pseudochazara geyeri</i> (Herrich-Schäffer, 1846)	moura de Geyer de Geyer: na honra do lepidopterólogo alemán Carl Geyer, como tamén se indica no nome científico (<i>geyeri</i>).	grey Asian grayling
<i>Pseudochazara graeca</i> (Staudinger, 1870)	moura grega grega: en relación coa súa área de distribución.	Grecian grayling
<i>Pseudochazara hippolyte</i> (Esper, 1783)	moura de Serra Nevada de Serra Nevada: en relación coa súa área de distribución, restrinxida a esta serra.	Nevada grayling
<i>Pseudochazara mnizechii</i> (Herrich-Schäffer, 1851)	moura escura escura: pola súa tonalidade.	dark grayling
<i>Pseudochazara orestes</i> (De Prins & van der Poorten, 1981)	moura do Falakro do Falakro: en relación coa súa área de distribución (monte Falakro, Grecia).	Dil's grayling
<i>Oeneis (Oeneis) norna</i> (Thunberg, 1791)	eneisa escandinava eneisa: do nome científico (<i>Oeneis</i>). Fai referencia a Oeneis, ninfa que algúns consideran que foi a nai do deus Pan, na mitoloxía grega. O nome eneisa escríbese con minúscula para nos referirmos ás bolboretas do xénero <i>Oeneis</i> , aínda que na súa orixe estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias). escandinava: en relación coa súa área de distribución.	norse grayling
<i>Oeneis (Oeneis) glacialis</i> (Moll, 1783)	eneisa dos Alpes dos Alpes: en relación coa súa área de distribución (restrinxida aos Alpes).	Alpine grayling
<i>Oeneis (Oeneis) bore</i> (Schneider, 1792)	eneisa ártica ártica: en relación coa súa área de distribución.	Arctic grayling
<i>Oeneis (Oeneis) jutta</i> (Hübner, 1806)	eneisa do Báltico do Báltico: en relación coa súa área de distribución.	Baltic grayling
<i>Satyrus actaea</i> (Esper, 1781)	sátiro común sátiro: do nome científico (<i>Satyrus</i>). Fai referencia aos sátiros, divindades terrestres na mitoloxía grega. Por coherencia e cohesión, emprégase sátiro para formar os nomes das bolboretas do xénero <i>Satyrus</i> , que teñen todas tamaño e padrón de coloración semellantes aos de <i>Satyrus actaea</i> . común: por ser a especie do xénero <i>Satyrus</i> que está presente en territorio galego.	black satyr
<i>Satyrus atlantis</i> (Austaut, 1905)	sátiro do Atlas do Atlas: en relación coa súa área de distribución.	Moroccan grayling
<i>Satyrus ferula</i> (Fabricius, 1793)	sátiro grande grande: por causa do seu tamaño.	great sooty satyr

<i>Minois dryas</i> (Scopoli, 1763)	driade driade: do nome científico (<i>dryas</i>). Fai referencia ás driades, ninfas asociadas aos carballos na mitoloxía grega. O nome driade escríbese sempre con minúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Minois dryas</i> .	Dryad
<i>Arethusana arethusa</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	aretusa aretusa: do nome científico (<i>arethusa</i>). Fai referencia a Aretusa, unha ninfa da mitoloxía grega. O nome aretusa escríbese con minúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Arethusana arethusa</i> , aínda que, na súa orixe, aretusa estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	false grayling
<i>Erebia triarius</i> (de Prunner, 1798)	montesa común montesa: por seren todas as especies do xénero <i>Erebia</i> tipicamente de montaña. común: por ser a especie do xénero <i>Erebia</i> máis común na Galiza.	Prunner's ringlet
<i>Erebia alberganus</i> (de Prunner, 1798)	montesa das festucas das festucas: polo uso das festucas (<i>Festuca</i> spp.) como plantas nutricias.	almond ringlet almond-eyed ringlet
<i>Erebia cassioides</i> (Reiner & Hochenwarth, 1792)	montesa agrisada agrisada: por causa da súa cor e tonalidade. Considéranse dúas subespecies de <i>Erebia cassioides</i> : <i>Erebia cassioides cassioides</i> e <i>Erebia cassioides arvernensis</i> . Para facermos referencia a algunha destas subespecies de maneira concreta, podemos empregar montesa agrisada cantábrica e montesa agrisada pirenaica , respectivamente.	common brassy ringlet
<i>Erebia claudina</i> (Borkhausen, 1789)	montesa de puntos brancos de puntos brancos: por causa dos puntos brancos que ten nas ás posteriores, característicos desta especie.	white speck ringlet
<i>Erebia disa</i> (Thunberg, 1791)	montesa ártica ártica: en relación coa súa área de distribución.	Arctic ringlet
<i>Erebia embla</i> (Thunberg, 1791)	montesa da Laponia da Laponia: en relación coa súa área de distribución.	Lapland ringlet
<i>Erebia epiphron</i> (Knoch, 1783)	montesa pequena pequena: por causa do seu tamaño.	small mountain ringlet
<i>Erebia epistygne</i> (de Hübner, 1819)	montesa das poas das poas: polo uso das poas (<i>Poa</i> spp.) como plantas nutricias.	spring ringlet
<i>Erebia euryale</i> (Esper, 1805)	montesa reberetada reberetada: pola fimbria das ás, coma un reberete.	large ringlet

<i>Erebia gorge</i> (Hübner, 1804)	montesa sedosa sedosa: por causa da súa aparencia sedosa, característica desta bolboreta.	silky ringlet
<i>Erebia gorgone</i> (Boisduval, 1833)	montesa de Gavarnie de Gavarnie: en relación coa súa área de distribución (é un endemismo pirenaico, notabelmente presente no Circo de Gavarnie, no Parque Nacional Pireneos).	Garvanie ringlet
<i>Erebia hispania</i> (Butler, 1868)	montesa española española: en relación coa súa área de distribución.	Spanish brassy ringlet
<i>Erebia lefebvrei</i> (Boisduval, 1828)	montesa de Lefèbvre de Lefèbvre: dedicada ao entomólogo francés Alexandre Louis Lefèbvre de Cérisy; tamén se indica no nome científico (<i>lefebvrei</i>).	Lefèbvre's ringlet
<i>Erebia manto</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	montesa variábel var.: montesa variable variábel: por presentar moita variación de coloración e debuxo nas ás, tanto individual como local ou rexional.	yellow spotted ringlet
<i>Erebia melas</i> (Herbst, 1796)	montesa negra negra: por causa da súa cor.	black ringlet
<i>Erebia meolans</i> (Prunner, 1798)	montesa de Méolans de Méolans: en relación coa súa área de distribución (Méolans, localidade dos Alpes).	Piedmont ringlet
<i>Erebia neoridas</i> (Boisduval, 1828)	montesa serodia serodia: por ser o seu período de voo marcadamente serodio en comparación con outras bolboretas (entre agosto e outubro).	Autumn ringlet
<i>Erebia oeme</i> (Hübner, 1804)	montesa aranesa aranesa: por ser o Val de Arán un dos poucos lugares da Península Ibérica onde se atopa esta especie.	bright-eyed ringlet
<i>Erebia orientalis</i> (Elwes, 1900)	montesa oriental oriental: por causa da súa área de distribución europea.	Bulgarian ringlet
<i>Erebia palarica</i> (Chapman, 1905)	montesa grande grande: por causa do seu tamaño.	Chapman's ringlet
<i>Erebia pandrose</i> (Borkhausen, 1788)	montesa da orballada da orballada: por se atopar con frecuencia nas ladeiras húmidas das montañas.	dewy ringlet
<i>Erebia pluto</i> (de Prunner, 1798)	montesa moura moura: pola súa coloración e tonalidade marcadamente escuras.	sooty ringlet

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Erebia polaris</i> (Staudinger, 1871)	montesa polar polar: por causa da súa área de distribución.	Arctic woodland ringlet
<i>Erebia pronoe</i> (Esper, 1780)	montesa da auga da auga: por se encontrar nas ladeiras húmidas e nos regatos.	water ringlet
<i>Erebia rondoui</i> (Butler, 1868)	montesa pirenaica pirenaica: en relación coa súa área de distribución (é un endemismo pirenaico).	Pyrenees brassy ringlet
<i>Erebia rossi</i> (Curtis, 1834)	montesa de Ross de Ross: na honra do explorador ártico James Clark Ross, como tamén se indica no nome científico (<i>rossi</i>).	Ross' alpine
<i>Erebia sthennyo</i> (Graslin, 1850)	montesa de Graslin de Graslin: na honra do entomólogo francés Adolphe Hercule de Graslin, que foi quen describiu a especie.	false dewy ringlet
<i>Erebia zapateri</i> (Oberthür, 1875)	montesa de Zapater de Zapater: dedicada ao naturalista aragonés Bernardo Zapater, amigo do entomólogo francés Charles Oberthür, que foi quen describiu esta especie; tamén se indica no nome científico (<i>zapateri</i>).	Zapater's ringlet
<i>Maniola jurtina</i> (Linnaeus, 1758)	bailadora dos prados bailadora: polo seu voo característico. Por coherencia e cohesión, emprégase tamén bailadora para formar os nomes das bolboretas do xénero <i>Maniola</i> . dos prados: porque prefire mellor prados e ambientes abertos.	meadow brown
<i>Maniola megala</i> (Oberthür, 1909)	bailadora turca turca: en relación coa súa área de distribución.	Turkish meadow brown
<i>Maniola nurag</i> (Ghiliani, 1852)	bailadora sarda sarda: por ser un endemismo da illa da Sardenia.	Sardinian meadow brown
<i>Hyponephele lycaon</i> (Rottemburg, 1775)	pardiña das sombras pardiña: pola coloración das ás. Por coherencia e cohesión, emprégase pardiña para formar os nomes das bolboretas do xénero <i>Hyponephele</i> , que teñen todas a coloración e tonalidade parda de <i>Hyponephele lycaon</i> . das sombras: por procurar a sombra de arbustos ou rochas cando vai moito calor.	dusky meadow brown
<i>Hyponephele lupinus</i> (O. Costa, 1836)	pardiña dos sequeiros dos sequeiros: por causa do seu hábitat.	oriental meadow brown
<i>Hyponephele maroccana</i> (Blanchier, 1908)	pardiña marroquina marroquina: en relación coa súa área de distribución.	Moroccan meadow brown

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Aphantopus hyperantus</i> (Linnaeus, 1758)	pencada pencada: por causa do debuxo das ás, con característicos puntos ou pencas.	ringlet
<i>Coenonympha pamphilus</i> (Linnaeus, 1758)	maricela común maricela: nome vernáculo galego inespecífico, recollido tamén como maricelda, que se corresponde ben co xénero <i>Coenonympha</i> , que con frecuencia ten unhas riscas nas ás que debuxan compartimentos ou celas, algunhas con puntos no seu interior. común: por ter unha ampla área de distribución e ser a máis común das maricelas.	small heath
<i>Coenonympha arcania</i> (Linnaeus, 1761)	maricela manchada manchada: por causa das manchas escuras e brancas que ten nas ás.	pearly heath
<i>Coenonympha corinna</i> (Hübner, 1804)	maricela sarda sarda: por ser endémica das illas de Córsega e Sardeña.	Corsican heath
<i>Coenonympha dorus</i> (Esper, 1782)	maricela velada velada: pola tonalidade escura nalgúns partes das ás, que evoca a imaxe dun veo que as cobre parcialmente.	dusky heath
<i>Coenonympha glycerion</i> (Borkhausen, 1788)	maricela das montañas das montañas: por causa da súa distribución, en zonas de montaña.	chestnut heath
<i>Coenonympha orientalis</i> (Rebel, 1910)	maricela oriental oriental: por causa da súa área de distribución europea.	Balkan heath
<i>Coenonympha thyrsis</i> (Freyer, 1845)	maricela de Creta de Creta: por ser endémica da illa de Creta.	Cretan small heath
<i>Coenonympha vaucheri</i> (Blachier, 1905)	maricela de Vaucher de Vaucher: dedicada ao naturalista francés Henry Vaucher, como tamén se indica no nome científico (<i>vaucheri</i>).	Vaucher's heath
<i>Pyronia (Pyronia) tithonus</i> (Linnaeus, 1767)	silveira europea silveira: porque se encontra normalmente en ambientes con silvas (<i>Rubus</i> spp.). Por coherencia e cohesión, emprégase silveira para formar os nomes das bolboretas do xénero <i>Pyronia</i> , que teñen todas elas preferencia polas silvas. europea: por ser a especie do xénero <i>Pyronia</i> con maior área de distribución en Europa.	gatekeeper
<i>Pyronia janiroides</i> (Herrich-Schäffer, 1851)	silveira alxeriana alxeriana: en relación co súa área de distribución.	false meadow brown

<i>Pyronia (Idata) cecilia</i> (Vallantin, 1894)	silveira soalleira soalleira: pola súa termofilia e preferencia por lugares expostos ao sol.	southern gatekeeper
<i>Pyronia (Idata) bathseba</i> (Fabricius, 1793)	silveira cintada cintada: polo debuxo que ten nas ás, cunhas cintas brancas características.	Spanish gatekeeper
<i>Pararge aegeria</i> (Linnaeus, 1758)	apincharada común apincharada: pola súa coloración, con características pintas. Por coherencia e cohesión, emprégase apincharada para formar os nomes das bolboretas do xénero <i>Pararge</i> , que teñen todas a coloración e as pintas de modo semellante ás da especie <i>Pararge aegeria</i> . común: por ser a especie do xénero <i>Pararge</i> que se atopa na Galiza.	speckled wood
<i>Pararge xiphia</i> (Fabricius, 1775)	apincharada da Madeira da Madeira: por ser un endemismo da illa da Madeira.	Madeiran speckled wood
<i>Pararge xiphioides</i> (Staudinger, 1871)	apincharada das Canarias das Canarias: por ser un endemismo do arquipélago das Canarias.	Canary speckled wood
<i>Lasiommata megera</i> (Linnaeus, 1767)	estremeira dos valos estremeira: polo costume das especies do xénero <i>Lasiommata</i> de andaren polas estremas dos campos, nas sebes e nos valos. dos valos: porque se observa con moita frecuencia nos valos de pedra.	wall brown
<i>Lasiommata maera</i> (Linnaeus, 1758)	estremeira dos penedos dos penedos: porque se observa con frecuencia en rochas e penedos.	large wall brown
<i>Lasiommata paramegaera</i> (Hübner, 1824)	estremeira insular insular: por ser endémica da Córsega e da Sardeña, e talvez tamén das Baleares.	pale wall brown Corsican wall brown
<i>Lasiommata petropolitana</i> (Fabricius, 1787)	estremeira aranesa aranesa: por ser o Val de Arán un dos poucos lugares da Península Ibérica onde se atopa esta especie.	northern wall brown
<i>Lopinga achine</i> (Scopoli 1763)	ceboliza ceboliza: pola cor e o aspecto das ás (da cor da madeira, con finas liñas lonxitudinais), que lembran o que os madeiros chaman ceboliza: a madeira ou táboa con veas marcadas que abren facilmente como se fosen bagas de cebola.	woodland brown

especie galega (e) ou europea

especie exótica

Subfamilia: **Apaturíneos (Apaturinae) : irisoidos**

<i>Apatura iris</i> (Linnaeus, 1758)	irisoido grande irisoido: nome vernáculo galego para unha bolboreta "acuática" con tons irisados, que se corresponde moi ben con <i>Apatura iris</i> , especie o suficientemente chamativa para ter nome de seu. Por coherencia e cohesión, emprégase irisoido para formar os nomes das especies do xénero <i>Apatura</i> ou doutros xéneros desta mesma subfamilia que teñen a coloración e tonalidades irisadas de <i>Apatura iris</i> . grande: por causa do seu tamaño.	purple emperor
<i>Apatura ilia</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	irisoido pequeno pequeno: por causa do seu tamaño.	lesser purple emperor
<i>Apatura metis</i> (Freyer, 1829)	irisoido de Freyer de Freyer: na honra do entomólogo alemán Christian Friedrich Freyer, que foi quen describiu a especie.	Freyer's purple emperor
<i>Thaleropsis ionia</i> (Fischer von Waldheim & Eversmann, 1851)	irisoido kurdo kurdo: pola súa área de distribución.	Ionian emperor

especie galega (e) ou europea

especie exótica

Subfamilia: **Limnitiídeos (Limnitiídae)** : chinguros, pairadores

<i>Limnitis reducta</i> (Staudinger, 1901)	chinguro dos regatos chinguro: nome vernáculo galego para unha bolboreta azul e negra de hábitat acuático, descrición que se corresponde moi ben con <i>Limnitis reducta</i> , especie galega o suficientemente chamativa para ter nome de seu. Por coherencia e cohesión, emprégase chinguro para formar os nomes das especies do xénero <i>Limnitis</i> , que ademais gardan certa semellanza con <i>Limnitis reducta</i> . dos regatos: por causa do seu hábitat.	southern white admiral
<i>Limnitis populi</i> (Linnaeus, 1758)	chinguro dos álamos dos álamos: por precisar dos álamos (<i>Populus</i> spp.) para deixar os seus ovos, como tamén apunta o nome científico (<i>populi</i>).	poplar admiral
<i>Limnitis camilla</i> (Linnaeus, 1764)	chinguro dos bosques dos bosques: polo seu hábitat.	white admiral
<i>Neptis sappho</i> (Pallas, 1771)	pairador de Safo pairador: polo seu voo. Por coherencia e cohesión, emprégase pairador para formar os nomes das bolboretas do xénero <i>Neptis</i> , que ademais teñen un voo semellante ao de <i>Neptis sappho</i> . de Safo: do nome científico (<i>sappho</i>). Fai referencia a Safo, poetisa grega da illa de Lesbos. O nome Safo escríbese con maiúscula no nome galego das bolboretas da especie <i>Neptis sappho</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente á poetisa lesbica (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Pallas' sailer common glider
<i>Neptis hylas</i> (Linnaeus, 1758)	pairador asiático asiático: pola súa área de distribución.	common sailer
<i>Neptis laeta</i> (Overlaet, 1955)	pairador africano africano: en relación coa súa área de distribución.	common barred sailer albizia sailer
<i>Neptis rivularis</i> (Scopoli, 1763)	pairador das ribeiras das ribeiras: polo seu hábitat.	Hungarian glider

especie galega (e) ou europea

especie exótica

Subfamilia: Ninfalíneos (Nymphalinae) : estrugueiras, paxara, paxarelas, ninfas, antíopa, viúvas, arañeiras, feiticeiras, esnacadas

<i>Aglais urticae</i> (Linnaeus, 1758)	estrugueira estrugueira: pola planta nutricia principal, a estruga (<i>Urtica</i> spp.), como tamén se apunta no nome científico (<i>urticae</i>).	small tortoiseshell
<i>Aglais ichnusa</i> (Bonelli, 1826)	estrugueira sarda sarda: en relación coa súa área de distribución (Córsega e Sardeña).	Sardinian small tortoiseshell
<i>Aglais io</i> (Linnaeus, 1758)	paxara paxara: nome vernáculo galego para as bolboretas, inespecífico, que se considerou acaído para <i>Aglais io</i> , polo seu tamaño grande e pola súa vistosa coloración, que evoca a da plumaxe multicolor dun paxaro. Alén diso, os seus ocelos poden lembrar as marcas do rabo -nas longuísimas supracobertoras caudais- do pavón (<i>Pavo cristatus</i>).	European peacock
<i>Junonia hierta</i> (Fabricius, 1798)	paxarela amarela paxarela: nome vernáculo galego para as bolboretas, inespecífico, que se considerou acaído para o xénero <i>Junonia</i> . A maioría das especies deste xénero mostran ocelos que lembran os doutra especie de bolboreta con nome parecido, a paxara (<i>Inachis io</i>), de maior tamaño, e lembran así mesmo as marcas que loce no rabo -nas longuísimas supracobertoras caudais- un paxaro: o pavón (<i>Pavo cristatus</i>). amarela: por causa da súa coloración.	yellow pansy
<i>Junonia orithya</i> (Linnaeus, 1764)	paxarela azul azul: por causa da súa coloración.	blue pansy
<i>Junonia atlites</i> (Linnaeus, 1763)	paxarela cincenta cincenta: por causa da súa coloración.	gray pansy grey pansy
<i>Junonia iphita</i> (Cramer, 1782)	paxarela alourada alourada: por causa da súa coloración.	chocolate pansy chocolate soldier
<i>Junonia hedonia</i> (Linnaeus, 1764)	paxarela acastañada acastañada: por causa da súa coloración.	brown pansy brown soldier
<i>Junonia almana</i> (Linnaeus, 1758)	paxarela ocelada ocelada: por presentar chamativos debuxos en forma de ollos, ou ocelos, nas ás.	peacock pansy
<i>Junonia stygia</i> (Aurivillius, 1894)	paxarela escura escura: por presentar marcadamente esta tonalidade.	dark pansy brown pansy Aurivilliu's brown pansy

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Nymphalis polychloros</i> (Linnaeus, 1758)	ninfa dos ulmeiros ninfa: divindade feminina da natureza, en relación coa denominación da subfamilia e do propio xénero <i>Nymphalis</i> . dos ulmeiros: polas plantas nutricias principais, os ulmeiros (<i>Ulmus</i> spp.).	large tortoiseshell blackleg tortoiseshell
<i>Nymphalis xanthomelas</i> (Esper, 1781)	ninfa dos salgueiros dos salgueiros: polas plantas nutricias principais, os salgueiros (<i>Salix</i> spp.).	scarce tortoiseshell
<i>Nymphalis vau-album</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	ninfa do uve branco do uve branco: por causa dun pequeno debuxo que ten en forma de letra uve e de cor branca, que a identifica.	Compton tortoiseshell false comma
<i>Nymphalis antiopa</i> (Linnaeus, 1758)	antiopa antiopa: do nome científico (<i>antiopa</i>). Fai referencia a Antiopa, unha princesa amazona filla de Ares (deus da guerra) e de Otrera (raíña das amazonas), na mitoloxía grega (moitas veces confundida con Antiope). O nome antiopa escríbese con minúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Nymphalis antiopa</i> , aínda que, na súa orixe, antiopa estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	morning cloak (USA) Camberwell beauty (UK)
<i>Hypolimnas missipus</i> (Linnaeus, 1764)	viúva da baldroaga viúva: por causa da cor das súas ás, con tonalidades negras ou mouras, que lembra o loito dunha viúva. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén viúva para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Hypolimnas</i> , que comparten con <i>Hypolimnas missipus</i> a coloración das ás. O nome viúva reforza o sistema de nomenclatura cos nomes doutras bolboretas vistosas e de cor semellante, mais de menor tamaño: as viuviñas (xénero <i>Satyrrium</i>). da baldroaga: por unha das súas plantas nutricias principais, a baldroaga (<i>Portulaca oleracea</i>).	Danaid eggfly mimic butterfly diadem false plain tiger
<i>Hypolimnas bolina</i> (Linnaeus, 1758)	viúva grande grande: por causa do seu tamaño.	common eggfly great eggfly blue moon butterfly
<i>Araschnia levana</i> (Linnaeus, 1758)	arañeira pequena arañeira: por causa do debuxo das ás, que lembra unha tea de araña. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén arañeira para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Araschnia</i> , que ademais teñen este mesmo debuxo nas ás. pequena: por causa do seu tamaño.	map European map
<i>Araschnia burejana</i> (Bremer, 1861)	arañeira grande grande: por causa do seu tamaño.	large map

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Vanessa atalanta</i> (Linnaeus, 1758)	feiticeira común feiticeira: nome tomado do portugués, inspirado pola súa vistosa cor. Chámasele tamén en portugués borboleta-da-sorta. Por coherencia e cohesión, emprégase feiticeira para formar os nomes das bolboretas do xénero <i>Vanessa</i> .	red admiral
<i>Vanessa cardui</i> (Linnaeus, 1758)	feiticeira dos cardos dos cardos: polo uso dos cardos (asteráceas) como plantas nutricias.	painted lady
<i>Vanessa indica</i> (Herbst, 1794)	feiticeira da India da India: en relación coa súa área de distribución, como tamén apunta o nome científico (<i>indica</i>).	Indian red admiral Asian admiral
<i>Vanessa virginiensis</i> (Drury, 1773)	feiticeira da Virxinia da Virxinia: en relación coa súa área de distribución, como tamén apunta o nome científico (<i>virginiensis</i>), aínda que tamén está presente nas Canarias e na Madeira.	American painted lady American lady
<i>Vanessa vulcania</i> (Godart, 1819)	feiticeira das Canarias das Canarias: en relación coa súa área de distribución (está presente nas Canarias e na Madeira).	Canary red admiral
<i>Polygonia c-album</i> (Linnaeus, 1758)	esnacada do ce branco esnacada: polo seu aspecto, pois parecen que lle falten anacos nas ás. do ce branco: por causa dun pequeno debuxo que ten, en forma de letra ce e de cor branca, que a identifica.	comma
<i>Polygonia egea</i> (Cramer, 1775)	esnacada do sur do sur: por causa da súa área de distribución europea.	southern comma

Subfamilia: **Arxiníneos (Argynninae)** : **espelliños, pandora, elisa, señoras, adipe, níobe, doncelas, hécate, dafne, ino**

<i>Issoria (Issoria) lathonia</i> (Linnaeus, 1758)	espelliños espelliños: por presentar unhas manchas prateadas distintivas.	queen of Spain queen of Spain fritillary
<i>Argynnis (Pandoriana) pandora</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	pandora pandora: do nome científico (<i>pandora</i>). Fai referencia a Pandora, primeira muller creada polo Olimpo á semellanza das deusas inmortalas, na mitoloxía grega. O nome pandora escríbese con minúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Argynnis (Pandoriana) pandora</i> , aínda que, na súa orixe, pandora estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	cardinal cardinal fritillary Mediterranean fritillary
<i>Argynnis (Fabriciana) elisa</i> (Godart, 1823)	elisa elisa: do nome científico (<i>elisa</i>). Fai referencia a Pandora, primeira muller creada polo Olimpo á semellanza das deusas inmortalas, na mitoloxía grega. O nome elisa escríbese con minúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Argynnis (Fabriciana) elisa</i> , aínda que, na súa orixe, elisa estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Corsican fritillary
<i>Argynnis (Argynnis) paphia</i> (Linnaeus, 1758)	señora común señora: por causa da súa vistosidade e polo seu tamaño. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén señora para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Argynnis</i> , que comparten con <i>Argynnis (Argynnis) paphia</i> o vistoso debuxo das ás e o tamaño, semellantes en todas. O nome señora reforza o sistema de nomenclatura co nome doutras bolboretas tamén ben vistosas pero de menor tamaño: as señoriñas (xénero <i>Melitaea</i>).	silver-washed fritillary
<i>Argynnis (Argyronome) laodice</i> (Pallas, 1771)	señora de Pallas de Pallas: na honra do entomólogo alemán Peter Simon Pallas, que foi quen describiu esta especie.	Pallas' fritillary
<i>Argynnis (Mesoacidalia) aglaja</i> (Linnaeus, 1758)	señora das montañas das montañas: por causa da súa distribución, en zonas de montaña.	dark green fritillary
<i>Argynnis (Fabriciana) adippe</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	adipe adipe: do nome científico (<i>adippe</i>). Fai referencia a Adipe, unha das ninfas na mitoloxía grega. O nome adipe escríbese con minúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Argynnis (Fabriciana) adippe</i> , aínda que, na súa orixe, adipe estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	high brown fritillary

<i>Argynnis (Fabriciana) niobe</i> (Linnaeus, 1758)	niobe niobe: do nome científico (<i>niobe</i>). Fai referencia a Niobe, filla de Tántalo e Dione, e esposa de Anfión, rei de Tebas, na mitoloxía grega. O nome niobe escríbese con minúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Argynnis (Fabriciana) niobe</i> , aínda que, na súa orixe, niobe estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Niobe fritillary
<i>Boloria (Boloria) graeca</i> (Staudinger, 1870)	doncela dos Balcáns doncela: referencia ao feminino, espírito das augas na mitoloxía popular da Galiza, título dado ás fillas de reis e fidalgos antes de casaren. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén doncela para a formación dos nomes doutras especies dos xéneros <i>Boloria</i> , todas elas moi semellantes. dos Balcáns: en relación coa súa área de distribución.	Balkan fritillary
<i>Boloria (Boloria) aquilonaris</i> (Stichel, 1908)	doncela da arandeira da arandeira: pola planta nutricia principal, a arandeira (<i>Vaccinium myrtillus</i>).	cranberry fritillary
<i>Boloria (Boloria) napaea</i> (Hoffmannsegg, 1804)	doncela das montañas das montañas: por causa da súa distribución, en zonas de montaña.	mountain fritillary
<i>Boloria (Boloria) pales</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	doncela alpina alpina: por se encontrar en zonas da alta montaña.	Shepherd's fritillary
<i>Boloria (Clossiana) chariclea</i> (Schneider, 1794)	doncela ártica ártica: en relación coa súa área de distribución.	Arctic fritillary purplish fritillary
<i>Boloria (Clossiana) dia</i> (Linnaeus, 1767)	doncela violeta violeta: pola distintiva coloración violeta no reverso das ás posteriores.	Weaver's fritillary violet fritillary
<i>Boloria (Clossiana) euphrosyne</i> (Linnaeus, 1758)	doncela avermellada avermellada: pola súa coloración.	pearl-bordered fritillary
<i>Boloria (Clossiana) freija</i> (Becklin, 1791)	doncela boreal boreal: en relación coa súa área de distribución.	Freija fritillary
<i>Boloria (Clossiana) selene</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	doncela acastañada acastañada: pola súa coloración.	small pearl-bordered fritillary
<i>Boloria (Clossiana) titania</i> (Esper, 1793)	doncela da bistorta da bistorta: por causa da súa planta nutricia, a bistorta (<i>Polygonum bistorta</i>).	Titania's fritillary purple bog fritillary
<i>Boloria (Proclassiana) eunomia</i> (Esper, 1799)	doncela das gándaras das gándaras: polo seu hábitat.	bog fritillary ocellated bog fritillary

<p><i>Brenthis hecate</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)</p>	<p>hécate</p> <p>hécate: do nome científico (<i>hecate</i>). Fai referencia a Hécate, deusa mensaxeira de demos e fantasmas, na mitoloxía grega. O nome hécate escríbese con minúscula no nome galego das bolboretas da especie <i>Brenthis hecate</i>, aínda que, na súa orixe, hécate estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).</p>	<p>twin-spot fritillary</p>
<p><i>Brenthis daphne</i> (Bergsträsser, 1780)</p>	<p>dafne</p> <p>dafne: do nome científico (<i>daphne</i>). Fai referencia a Dafne, unha das ninfas, que se transformou en loureiro para fuxir de Apolo, na mitoloxía grega. O nome dafne escríbese con minúscula no nome galego das bolboretas da especie <i>Brenthis daphne</i>, aínda que, na súa orixe, dafne estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).</p>	<p>marbled fritillary</p>
<p><i>Brenthis ino</i> (Rottemburg, 1775)</p>	<p>ino</p> <p>ino: do nome científico (<i>ino</i>). Fai referencia a Ino, filla de Cadmo e Harmonía, rainha de Tebas, na mitoloxía grega. O nome ino escríbese con minúscula no nome galego das bolboretas da especie <i>Brenthis ino</i>, aínda que, na súa orixe, ino estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).</p>	<p>lesser marbled fritillary</p>

especie galega (e) ou europea

especie exótica

Subfamilia: **Melitáneos (Melitaeinae)** : **atalia, señoriñas**

<i>Melitaea athalia</i> (Rottemburg, 1775)	atalia atalia: do nome científico (<i>athalia</i>). Fai referencia a Atalia, raíña de Xudá (842 a.C.- 837 a.C.). O nome atalia escríbese con minúscula para nos referirmos ás bolboretas da especie <i>Melitaea athalia</i> , aínda que, na súa orixe, atalia estea relacionado cun nome propio (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	heath fritillary
<i>Melitaea aetherie</i> (Hübner, 1826)	señoriña do Algarve señoriña: por causa do seu debuxo vistoso e polo seu tamaño. Por coherencia e cohesión, utilízase tamén señoriña para a formación dos nomes doutras especies do xénero <i>Melitaea</i> , que comparten con <i>Melitaea aetherie</i> o vistoso debuxo das ás e o tamaño, semellantes en todas. O nome señoriña reforza o sistema de nomenclatura co nome doutras bolboretas vistosas pero de maior tamaño: as señoras (xénero <i>Argynnis</i>). do Algarve: en relación coa súa área de distribución.	aetherie fritillary
<i>Melitaea athalia celadussa</i> (= <i>Melitaea celadussa</i>) (Fruhstorfer, 1910)	señoriña do mato do mato: en relación co seu hábitat.	
<i>Melitaea aurelia</i> (Nickerl, 1850)	señoriña de Nickerl de Nickerl: na honra do entomólogo checo Frantisek Antonín Nickerl, que foi quen describiu esta especie.	Nickerl's fritillary
<i>Melitaea cinxia</i> (Linnaeus, 1758)	señoriña punteada punteada: polos puntos negros das ás posteriores.	Glanville fritillary
<i>Melitaea deione</i> (Geyer, 1832)	señoriña da becerra da becerra: pola súa planta nutricia principal, a becerra (<i>Antirrhinum majus</i>).	Provençal fritillary
<i>Melitaea deserticola</i> (Oberthür, 1911)	señoriña do deserto do deserto: polo seu hábitat.	desert fritillary
<i>Melitaea diamina</i> (Lang, 1789)	señoriña das valerianas das valerianas: polas súas plantas nutricias principais, as valerianas (<i>Valeriana</i> spp.).	false heath fritillary
<i>Melitaea didyma</i> (Esper, 1778)	señoriña vermella vermella: pola coloración vermellusca do anverso das ás.	spotted fritillary red-band fritillary
<i>Melitaea parthenoides</i> (Keferstein, 1851)	señoriña dos prados dos prados: en relación co seu hábitat.	meadow fritillary

especie galega (e) ou europea

especie exótica

<i>Melitaea phoebe</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	señoriña das centáureas das centáureas: polas súas plantas nutricias principais, as centáureas (<i>Centaurea</i> spp.).	knapweed fritillary
<i>Melitaea trivia</i> (Denis & Schiffermüller, 1775)	señoriña dos verbascos dos verbascos: polas súas plantas nutricias principais, os verbascos (<i>Verbascum</i> spp.).	lesser spotted fritillary
<i>Euphydryas aurinia</i> (Rottemburg, 1775)	señoriña dos brañais dos brañais: en relación co seu hábitat.	marsh fritillary
<i>Euphydryas desfontainii</i> (Godart, 1819)	señoriña das saudades brancas das saudades brancas: por unha das súas plantas nutricias principais: as saudades brancas (<i>Cephalaria leucantha</i>).	Spanish fritillary

Subfamilia: **Morfíneos (Morphinae)** : morfos, curuxóns

<i>Morpho achilles</i> (Linnaeus, 1758)	morfo de Aquiles morfo: tirado do nome científico (<i>morpho</i>), do grego <i>morfé</i> , que significa forma, figura, probablemente asignado a estas especies por causa do seu gran tamaño e da súa vistosidade. de Aquiles: do nome científico (<i>achilles</i>). Fai referencia a Aquiles, heroe da Grecia, participante na Guerra de Troia e o personaxe principal e maior guerreiro da Iliada, de Homero. O nome Aquiles escríbese con maiúscula no nome galego das bolboretas da especie <i>Morpho achilles</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente ao guerreiro (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Achilles morpho blue-banded morpho banded blue morpho
<i>Morpho adonis</i> (Cramer, 1779)	morfo de Adonis de Adonis: do nome científico (<i>adonis</i>). Fai referencia a Adonis, semideus da beleza e do desexo, na mitoloxía grega. O nome Adonis escríbese con maiúscula no nome galego das bolboretas da especie <i>Morpho adonis</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente ao semideus (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Adonis morpho
<i>Morpho aega</i> (Hübner, 1822)	morfo de Ega de Ega: do nome científico (<i>aega</i>). Fai referencia a Ega, ninfa da mitoloxía grega. O nome Ega escríbese con maiúscula no nome galego das bolboretas da especie <i>Morpho aega</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente á ninfa (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Aega morpho

<i>Morpho aurora</i> (Westwood, 1851)	morfo de Aurora de Aurora: do nome científico (<i>aurora</i>). Fai referencia a Aurora, deusa do amanecer na mitoloxía romana. O nome Aurora escríbese con maiúscula no nome galego das bolboretas da especie <i>Morpho aurora</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente á deusa (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Aurora morpho
<i>Morpho helena</i> (Staudinger, 1890)	morfo de Helena de Helena: do nome científico (<i>helena</i>). Fai referencia á fermosa Helena de Troia, filla de Zeus, cuxo nome significa "luz que alumea na escuridade". O nome Helena escríbese con maiúscula no nome das bolboretas da especie <i>Morpho helena</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente á personaxe da mitoloxía (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Helena morpho
<i>Morpho hercules</i> (Dalman, 1823)	morfo de Hércules de Hércules: do nome científico (<i>hercules</i>). Fai referencia a Hércules, ou Héracles, que era un semideus, fillo de Zeus e Alcmena, na mitoloxía grega. O nome Hércules escríbese con maiúscula no nome galego das bolboretas da especie <i>Morpho hercules</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente ao semideus (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	Hercules morpho
<i>Morpho hecuba</i> (Linnaeus, 1771)	morfo de Hécuba de Hécuba: do nome científico (<i>hecuba</i>). Fai referencia a Hécuba, segunda esposa de Príamo, rei de Troia, e personaxe da Iliada, de Homero. O nome Hécuba escríbese con maiúscula no nome galego das bolboretas da especie <i>Morpho hecuba</i> , porque ao levar a preposición de continúa aludindo directamente á personaxe da Iliada (véxase nota explicativa ao respecto, entre as notas introdutorias).	sunset morpho
<i>Morpho sulkowskyi</i> (Kollar, 1850)	morfo de Sulkowsky de Sulkowsky: dedicada ao naturalista Maximilian Sulkowsky, de orixe polaca, aínda que traballou con naturalistas austríacos; tamén se indica no nome científico (<i>sulkowskyi</i>).	Sulkowsky's morpho
<i>Caligo memnon</i> (Felder, 1866)	curuxón pálido curuxón: por causa dos costumes nocturnos e do debuxo das ás, con ocelos que lembran os ollos dunha rapina nocturna. As especies do xénero <i>Caligo</i> reciben en portugués un nome semellante: coruja, borboleta-coruja e tamén corujão. pálido: por ter esta tonalidade.	giant owl pale owl
